

vilalba

Presentan o cartel ao completo da edición 2025 do FIV, que será en abril. **Páx. 3**

as pontes

Un convenio co IGVS mobilizará o parque de vivendas baleiras. **Páx. 6**

friol

Rematan as obras no CPI da localidade, cun investimento de 830.000 euros. **Páx. 10**

abadín

Arranca a obra da Residencia de maiores, que será xestionada polo Concello. **Páx. 12**

outeiro de rei

O BNG reparte un calendario feito con imaxes do patrimonio local. **Páx. 21**

Tempo de grelos e de Entroido na comarca



O Pleno vilalbés aproba un novo orzamento

Disporá de 13,3 millóns de euros, nos que o 70% irá para servizos públicos. **Páx. 2**

Denís Gomez será o pregoeiro da Filloa

A comisión tamén abriu o prazo para inscribirse na Moexmu e nos concursos. **Páx. 24**

Colexio Terra Chá



Festexa con varios actos os seus 40 anos de historia en Román. **Páx. 5**

Benigno Durán Novo



Entrevista ao vilalbés autor da novela de misterio 'Guardián'. **Páx. 9**

FSF Castro



A presidenta, Carmen Tojo, lembra as orixes do club, que fai dez anos. **Páx.31**

A Deputación pide á Xunta máis investimentos

Aprobouse no Pleno unha moción para reclamar melloras para o SAF e as infraestruturas. **Páx. 27**

NOVALUX
óptica & centro auditivo

2x1

En lentes progresivas e monofocales

**PARA TI
OU PARA
QUEN TI
QUEIRAS**

*Promoción válida ata o 31 de marzo.



Estudan incorporarse á Ruta Europea do Queixo

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, reuniuse cos representantes do Consello Regulador da DOP San Simón da Costa e coa asociación Ruta Europea do Queixo para avaliar a posible incorporación de Vilalba a esta iniciativa como municipio colaborador. Durante a xuntanza, Marta Rouco destacou a importancia desta oportunidade: “É unha moi boa oportunidade para poñer en valor o noso queixo San Simón e incrementar a súa promoción turística”. A adhesión á Ruta Europea do Queixo permitiría fortalecer a proxección deste produto emblemático da vila, recoñecido

pola súa calidade e tradición. A asociación Ruta Europea do Queixo, fundada en 2014, ten como obxectivo unir esforzos entre diferentes municipios queixeiros para converter o queixo nun elemento estratéxico de desenvolvemento económico local. Actualmente, esta rede está composta por 19 municipios de España, Francia e Portugal. De concretarse a incorporación, Vilalba sumaría a esta rede internacional, potenciando a visibilidade do queixo San Simón da Costa e consolidándose como un destino de referencia no turismo gastronómico.

Solicitarán a titularidade da estrada a Trastoi para a súa remodelación

O Concello vén de tomar a iniciativa para arranxar o vial de acceso ó barrio de Trastoi, na parroquia de Santaballa para rexenerar ao completo a vía. Segundo explicou Modesto Renda, a limitación que hai actualmente para actuar ten que ver coa cuestión da titularidade, pois esta é autonómica en preto dun terzo da vía. Esta situación anómala, parte da época na que as obras da autovía (de titularidade autonómica) AG-64 levaron á Xunta de Galicia a expo-

ñar parte da vía para a construción da ponte, “sen que posteriormente Concello e Xunta o regularizaran”. É por isto que, pola vía dun informe técnico encargado pola área de Urbanismo, o Concello tomou a decisión de solicitar formalmente á Xunta a titularidade deste tramo, “a fin de poder actuar o máis axiña posible sobre a vía no seu conxunto e dar así cumprimento á demandas dos veciños/as dun dos barrios máis poboados da parroquia”.

O Pleno aprobou os orzamentos, por un valor de 13,3 millóns

O Pleno de Vilalba aprobou os orzamentos para o ano 2025 “cun marcado compromiso social, seguindo a liña dos anos anteriores”, como destacou a alcaldesa, Marta Rouco. Un 70 % dos 13.366.085 euros aos que ascende o orzamento do Concello de Vilalba para o 2025 destínase á prestación de servizos públicos. “A partida do Servizo de Axuda no Fogar ascende a 3,4 millóns de euros, que nos permiten atender a máis de 300 veciños e veciñas, o que se traduce en 14.700 horas mensuais de servizo”. Tamén nos servizos públicos estará incluída a partida de 1,5 millóns de euros do novo contrato do servizo de recollida de residuos urbanos e limpeza viaria, así como os 500.000 euros do custe do alumado público, o mantemento da piscina municipal climatizada, os contratos de conserxería dos edificios públicos,

a prevención de incendios forestais e outros contratos como o de desratización, control de pragas e desbroces. “En total o orzamento contempla case 9.380.000 euros para a prestación de servizos públicos, aos que se suman 3.200.000 euros para gastos de persoal”, explicou a rexedora vilalbesa, Marta Rouco. Nese sentido, “como novidade no persoal municipal creárase unha praza de técnico en medio ambiente”, apuntou Rouco. Un novo posto cuxas funcións serán, entre outras, a supervisión da xestión integral de residuos, o control das zonas verdes urbanas e áreas silvestres do municipio ou a inspección da contaminación da auga, chan e aire. En consecuencia, ao goberno local quedaránlle 500.000 euros de libre disposición, dos cales case o 80 %

se destinará ás subvencións nominativas a entidades sociais e deportivas, ás axudas de libre concorrencia para agrupacións culturais e “ás subvencións nominativas das festas das parroquias que este ano recuperamos dentro do orzamento municipal”, sinalou a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco. Ademais, dentro da contía de libre disposición encadraranse os proxectos de dinamización rural, os programas para animación infantil e xuvenil e “14.000 euros que se investirán na organización e realización de actividades para os nosos maiores”. Por último, no capítulo de investimentos, o Concello de Vilalba inclúe neste orzamento do 2025 o proxecto para o cambio de localización e a construción dunha área de auto caravanas na zona da Madalena, o que terá un custe de 32.100 euros.

O Concello substituirá en Vilalba 12 farois da praza da Constitución

O Concello de Vilalba continúa o seu proceso de mellora na iluminación de infraestruturas públicas e vén de concluír un estudo lumínico da Praza da Constitución ao que seguirá a substitución de 12 farois dos existentes na actualidade. O cambio vén provocado polo deterioro das luminarias e a inexistencia de recambios no mercado para acometer o mantemento das mesmas. “O modelo actual de luminarias que hai instalado na Praza da Constitución está obsoleto e iso provoca que en caso de avaría sexa moi complexo atopar pezas para arranxalas”, explicou a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco. En consecuencia, instalaranse 12 novos farois con tecnoloxía LED



na zona central da Praza da Constitución. “O que nos permitirá incrementar o nivel de iluminación desta zona e conseguir un aforro enerxético de arredor do 40%”, apuntou o concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Luis Fernández.

Ademais, esta primeira fase de cambio complementarase cunha segunda, no futuro, na que se substituirán os 24 farois restantes, 10 delas na contorna da Praza da Constitución.



• **PODOLOGÍA**
DEPORTIVA - INFANTIL
CIRUGÍA - DIABÉTICA
GERIÁTRICA - PLANTILLAS

• **ECOGRAFÍA**

• **TRATAMIENTOS CON LASER**
• **ESTUDIO INFORMATIZADO DE LA MARCHA**

• **ÚLCERAS**
ARTERIALES - VENOSAS

R.S. C-27-001184

Carballo & Otero
CLÍNICA DEL PIE

ATENCIÓN A DOMICILIO
DRA. YESICA OTERO ESTALOTE
DR. JUAN L. CARBALLO DÍAZ

Campo de Puente, 20 Bj. Vilalba - Lugo
Telf: 982 88 75 65 • Urgencias: 609 72 97 12



Adxudicados os traballos de rehabilitación da casa consistorial

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, vén de informar da adxudicación definitiva das obras para a rehabilitación da Casa do Concello á empresa Regenera construcciones y contratas 2022 S.L. por un importe de 1.106.185,96 euros.

As actuacións centraranse na rehabilitación da Casa Consistorial co fin de mellorar a súa eficiencia enerxética e accesibilidade e faranse con cargo ao PIREP local. Unha subvención conseguida polo goberno local no ano 2022 e cuxo proxecto fora sacado a licitación en tempo e forma.

Non obstante, “nese entón o procedemento tivo que declararse como deserto porque só se presentou unha empresa que segundo informou a mesa de contratación non cumpría os pregos”, explicou a alcal-

desa de Vilalba, Marta Rouco.

En consecuencia, o equipo de goberno de Rouco traballou na consecución dunha prórroga desta importante subvención do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, que foi acadada e permitiu que o Concello de Vilalba conte cos case 944.000 euros do Programa de Impulso á Rehabilitación dos Edificios Públicos de Entidades Locais.

“Estamos a falar dunha subvención de case un millón de euros que se conseguiu grazas ao proxecto presentado polo Concello e que baixo ningún concepto podíamos deixar escapar, pois sen esta axuda sería inviable levar a cabo a rehabilitación da Casa do Concello”, explicou a rexedora vilalbesa, Marta Rouco.

No referido ás actuacións, co obxectivo de mellorar a eficiencia enerxética do edificio, incorporárase un sistema de xeración eléctrica composto por placas solares fotovoltaicas con batería e levarase a cabo unha renovación integral da envolvente, incorporando illamento e acabados en fachadas e cuberta.

Así mesmo, “substituiranse o total de luminarias existentes por outras de tecnoloxía LED e no interior do edificio introduciranse medidas de mellora da accesibilidade física e cognitiva, garantindo baños accesibles e información adaptada; mellores de confort, con zonas de espera e outros servizos en recibidores e distribuidores e mellores organizativas, coa recolocación dalgúns usos internos a través do reaxuste puntual dalgún dos espazos existentes.



Entregan na biblioteca vilalbesa os premios do Reto Lector 2024

A Biblioteca Municipal acolleu o acto de entrega de premios do Reto Lector 2024. A alcaldesa, Marta Rouco, acompañada pola concelleira de Educación, Paula Vigo, e a bibliotecaria, Atenea Ruibal, fixeron entrega dun lote de libros ás gañadoras desta edición, destacando o éxito desta iniciativa que contou con preto de 130 participantes que completaron o reto.

Entre os premios, destacaron a lectora máis nova, Leticia Prestes, e a lectora de maior idade, Pepita Sotelo, en completar o desafío, ademais das persoas gañadoras dos sorteos nas categorías infantil, Judith Gómez, e adulta, Nerea Martín, realizados entre todos os participantes que superaron o reto.

Desde o Concello agradecen a participación de todos e todas e felicitan ás persoas premiadas, destacando o compromiso coa lectura demostrado pola comunidade. Xa está en marcha o Reto Lector 2025, e as cartillas poden recollerse na Biblioteca Municipal.

Entre os premios, destacaron a lectora máis nova, Leticia Prestes, e a lectora de maior idade, Pepita Sotelo, en completar o desafío, ademais das persoas gañadoras dos sorteos nas categorías infantil, Judith Gómez, e adulta, Nerea Martín, realizados entre todos os participantes que superaron o reto.

O FIV completa o cartel do 2025

O FIV de Vilalba, un dos eventos máis especiais da música independente en Galicia, anunciou o seu cartel completo nunha presentación na Delegación Provincial da Xunta de Galicia en Lugo. O grupo de indie pop Varry Brava, con máis de dez anos de traxectoria na primeira liña da escena musical nacional; o cantautor catalán Joe Crepusculo e banda Cycle, de xira polo seu 20 aniversario, son os nomes que se engaden a unha proposta na que xa se presentaron Shinova, León Benavente, The Rapants ou Leria. O Escenario Vibra Mahou acollerá parte desta programación, que se completará cos DJs Galician Army, Juancasupersub DJ Set e os lucenses Grande Osso.

O sábado 26, como é habitual, a festa trasladarase á Praza de Concello para unha sesión vermú na que o



público poderá gozar do Karaoke FIV Stars. Por outra banda, a organización anunciou que pronto estará dispoñible o Abono Camping.

O FIV de Vilalba é un dos eventos máis esperados polos amantes da música de Galicia, ano a ano a vila échese de fivers dispostos a gozar da mellor música, con actividades tamén durante o día ou iniciativas

que implican ao comercio local. Con 18 edicións de historia ofrece desde Vilalba unha proposta que mestura grandes nomes da música nacional con novas bandas, destacando o talento galego. Os primeiros abonos para o evento, o abono Fiver, esgotouse en poucos minutos. O abono xeral segue dispoñible na páxina web do evento.

O festival conta co apoio do Concello de Vilalba, Deputación de Lugo, Xunta de Galicia e Vibra Mahou -a plataforma de Mahou Cinco Estrellas que conecta a artistas e público en torno á música en vivo-. O cartel desta edición inclúe as actuacións de Varry Brava, Joe Crepusculo, Cycle, Shinova, León Benavente, The Rapants e Leria. Como DJs completan o programa Galician Army, Juancasupersub DJ Set e os lucenses Grande Osso.

A obra do centro obriga a un corte de circulación

A rúa que conecta a praza Suso Gayoso coa rúa José María Chao Ledo, na contorna da praza da Constitución, en Vilalba, permanecerá cortada ao tráfico a partir do vindeiro luns, 27 de xaneiro. Este peche, que se prolongará durante aproximadamente 10 meses, débese ao inicio das obras no edificio da Praza de Abastos, que será acondicionado para albergar o novo Punto de Atención á Infancia.

Ademais, está previsto o comezo inminente dos traballos de renovación da fachada da Casa do Concello, polo que as empresas encargadas necesitarán dispoñer deste espazo para o correcto desenvolvemento das actuacións.

Os cortes permanecerán activos ata a finalización dos traballos, previstos para o último trimestre do ano.



CORBAR
MAQUINARIA

INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA



CUCHILLA MAÍZ
LATERALES
ABATIBLES
MODELO MEIRA



ENCAMADORA DE
CUBÍCULOS
DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³
Y 2.1m³



ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO
DE RECAMBIO AGRÍCOLA



EXTENDEDOR
DE SILO
MODELO
VIMIANZO
CON BOMBOS
GALVANIZADOS
DE Ø 80/225 E
Ø 100/240



CUIDAMOS EL
BIENESTAR
ANIMAL



CUCHILLA
MAÍZ
MODELO CORISTANCO



www.corbarsil.com



¡CONSÚLTANOS SIN
COMPROMISO!

NOVEDAD

RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS
AUTONIVELANTES
DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR.
TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com

O PP esixe o arranxo urxente das pistas das parroquias vilalbesas



O PP de Vilalba urxe ao goberno bipartito de PSOE e Vilalba Aberta a intervir de forma urxente nas pistas das parroquias do rural para “garantir unha circulación segura”.

Os populares xa teñen advertido desta situación que causa prexuízos na mobilidade diaria dos vilalbeses e vilalbesas debido ao mal estado do firme por falta de mantemento, sucesións de fochancas de gran tamaño, ausencia de asfalto nalguna vía con zonas desfeitas. “Esa é a realidade que viven moitos veciños e veciñas cando saen das súas casas”, subliñan.

Algúns exemplos son a pista que vai dende o campo da festa de San Xoán de Alba ata a estrada Antiga Serra, a pista do Cotillón que une Alba e Torre ou a pista de Carral-maior. Tamén teñen advertido do mal estado de vías municipais nas parroquias de Carballido, Santaballa, Vilapedre, etc.

Os concelleiros do PP propoñen, concretamente, un plan específico para o arranxo das pistas que inclúa a priorización das vías máis deterioradas e a execución de melloras que garantan a seguridade viaria, como a reparación do firme e a limpeza das cunetas para unha adecuada evacuación das augas pluviais.

Igualmente, esixen ao goberno local bipartito “explicar o plan de obras que din ter previsto para esta anualidade” toda vez que “no ple-

no do mes pasado confirmamos que está no mesmo punto que fai uns meses”.

Tamén esixen explicacións sobre os motivos polos que os veciños e veciñas da rúa José María Chao Ledo estiveron sen iluminación pública durante unha semana.

PRAZA DA CONSTITUCIÓN. O PP chama a atención ao goberno local polo abandono dos aseos no aparcamento soterrado da Praza da Constitución e pediu que “o equipo de goberno adopte de forma inmediata as medidas necesarias para garantir a hixiene e a salubridade neste espazo e o seu entorno”.

“O que pedimos son unhas instalacións que permitan ser usados polos veciños e veciñas en condicións hixiénico-sanitarias e, para iso, é preciso establecer un programa de limpeza e mantemento periódico”, explican.

ASOCIACIÓN. O PP denuncia que “o goberno de PSOE e Vilalba Aberta deixa tiradas ás asociacións por segundo ano consecutivo”. Advirten que “o goberno municipal leva máis de dous anos sen convocar as subvencións de concorrencia competitiva -as que se outorgan por puntuación- polo que aquelas que non están incluídas entre as subvencións nominativas -as que outorga o goberno de forma directa- quedan sen opción de conseguir axudas do Concello.

Vilalba reforza a limpeza das rúas co novo contrato de recollida de residuos

O novo contrato de recollida de residuos urbanos do Concello de Vilalba traerá consigo importantes cambios e melloras que serán notables de forma progresiva, sendo a limpeza viaria unha das primeiras medidas que se fará efectiva no momento no que comece a nova concesión.

A nova empresa responsable do contrato do lixo do Concello de Vilalba porá en funcionamento tres brigadas especializadas na limpeza de rúas que permitirán manter a vila nunhas mellores condicións de limpeza e salubridade.

Nesa liña, o servizo de limpeza viaria contará cunha brigada motorizada para efectuar a limpeza das zonas máis periféricas da vila, á que

se sumará unha brigada polivalente que se encargará do desbroce e da limpeza de vexetación tanto no casco urbano como nos núcleos das parroquias asimilados como zonas urbanas: O Santo, Goiriz, Lanzós e Guadalupe.

Ademais, tamén haberá unha terceira brigada que se centrará na limpeza das rúas do casco urbano mediante o lavado a presión das mesmas. Precisamente, “esa brigada, que fará os seus traballos de forma recorrente, será a que se encargue de realizar o plan de choque inicial xa a vindeira semana, mellorando o estado de limpeza das rúas dende o primeiro momento da entrada en funcionamento do contra-

to”, explicou a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco.

En consecuencia, a nova empresa adjudicataria está desenvolvendo un proceso de selección de persoal que levará aparelado a contratación de entre 6 e 7 novos/as traballadores/as. Desta forma, o servizo prestarase dunha forma máis efectiva e completa, o que á súa vez permitirá á empresa cumprir coas novidades e cambios establecidos no contrato.

Pola súa banda, dende o Concello de Vilalba vense de poñer en marcha o plan de reunións nas parroquias do rural para informar aos veciños e veciñas dos cambios e as novidades do contrato.



A vila acollerá un Campionato de Tute do Rácing Vilalbés

O sábado 1 de marzo, ás 17:00 horas, celebrarase no Estadio Roca de Vilalba o I Campionato de Tute RCV - Estrella Galicia, un evento que reunirá aos mellores xogadores deste popular xogo de cartas.

O torneo contará cunha ampla variedade de premios, con ata 1800 puntos para o campión, ademais de premios para os mellores clasificados na repesca. En caso de non completarse as 64 parellas previstas, os premios serán proporcionais ao número de participantes.

A inscrición ten un custo de 100 puntos por parella, e os interesados poden anotarse a través dos teléfonos de contacto facilitados no cartel. O evento ofrecerá tamén pinchos gratuítos para todos os participantes, cun menú que incluíra lacón, tortilla e callos.

O Racing Club Vilalbés, organizador do campionato, garantirá un ambiente acolledor, xa que o local contará con calefacción. Unha gran oportunidade para os afeccionados ao tute de gozar dunha xornada de competición e boa gastronomía en Vilalba.

Máis de cen exalumnos reuníronse na histórica Escola de Carballido

Máis de cen ex-alumnas e exalumnos regresaron á Escola Habanera de Carballido, un edificio emblemático que foi promovido polos veciños emigrados en Cuba en 1920.

Este reencontro marcou a primeira ocasión na que o alumnado do centro tivo a oportunidade de revivir os anos escolares, desde que a apertura do CEIP Terra Chá de Román, a principios dos anos 80, levou ao peche da escola.

A xuntanza foi exclusiva para aquelas persoas que foran alumnas durante os anos que estivo en funcionamen-

to e consistiu nun xantar e nunha sesión musical de sobremesa. Dado o éxito da convocatoria, xa se fixo oficial a data para a segunda edición, que terá lugar o 24 de xaneiro de 2026.

A Escola Habanera, inaugurada en 1931, foi unha iniciativa da Sociedade de Instrución e Recreo dos Xoves de Santa María de Carballido, constituída na Habana en 1920. Un ano despois, a sociedade comprou un terreo no lugar coñecido como O Chao da Barreira, onde se iniciaron as obras en 1927.

FP **Ferretería Puentes, S.L.**



Polígono Industrial, Parcela 4 / Tfno.: 982 511 115
Rúa da Pravia, 25/27 / Tfno.: 982 510 055 / Fax: 982 511 503



VILALBA - LUGO
fpuentes@infonegocio.com



Integrada en:



Grupo Alcongal



“Levamos seis anos ascendendo en número de alumnos”

José Manuel López Barrio é o director do colexio de Román, que cumpre 40 anos de historia

Podería avanzar os un pouco o programa da celebración dos 40 anos.

Temos dúas datas sinaladas no ano 2025 para a celebración do 40º aniversario. Por unha banda, o 22 marzo, que haberá xantar popular ao que asistirán máis de mil persoas e temos xa os tickets da comida esgotados. Logo haberá un acto conmemorativo onde inauguraremos unha escultura realizada por Clara Naseiro, unha gran exposición de fotos de exalumnos destes 40 anos, e no respecto á música teremos unha sesión vermú con JBSON (aberta ó público). Á tarde haberá unha recreación da Verbena de Antes, da man de Xabier Iglesias de Oxeito para amenizar a sobremesa, e a noite unha gran verbena con París de Noia e Satélites, tamén aberta ó público. Por outra banda, o 1 de xullo teremos o fin de curso do 40º aniversario cunha gran festa infantil con inchables e diversos espectáculos e obradoiros para os nenos e posteriormente unha verbena aberta o público con Panorama e algunha sorpresa máis.

E como foron estes 40 anos? Que cambios e evolución se produciron?

Os cambios ao longo destes 40 anos foron graduais, un deles foi cando se mudou do sistema educativo da EGB á LOGSE, o que fixo que se reducira o número de alumnado o se eliminase primeiro e segundo de BUP, que se cursaba no centro, e pasaran a facer primeiro e segundo da ESO no IES Basanta Silva. Paulatinamente o centro foi adaptándose as novas necesidades educativas como a tecnoloxía no sistema educativo,

traballar por proxectos competenciales, ata outra gran transformación na que está inmerso o centro dende hai uns 5 anos, que é un traballo íntegro por proxectos ata chegar ao noso proxecto estrela, que sería o de Mestres Gandeiros, onde temos un espazo agropecuario con galiñas, ovelas de raza galega e un invernadoiro, onde o alumnado utiliza dito espazo como situación de aprendizaxe. Este gran proxecto fixo que o centro educativo fora gañando alumnado considerablemente estes últimos cursos, ata chegar a 80 alumnos no próximo curso 25-26. Tamén habería que destacar a notable mellora en instalacións do centro, onde se foron facendo melloras paulatinamente como novos patios de infantil, aulas de infantil con aseos integrados, paneis dixitais interactivos en todas as aulas, mobiliario novo, ascensor e unha reforma integral de eficiencia enerxética neste pasado ano 2024, realizada pola Consellería de Educación.

Que características ten este centro a nivel educativo ou de organización?

Destacar que o centro en catálogo ten 4 unidades, unha de infantil e tres de primaria, pero debido ao incremento de alumnado está funcionando dende o curso 23-24 con 6 unidades, 2 en infantil e 4 en primaria, e para os próximos cursos prevese incrementar a 7 unidades.

Cantos alumnos estudan actualmente e como foi a evolución do alumnado?

Hoxe en día estudan 73 alumnos e alumnas, pero nós rompemos



un pouco o tópico do descenso do alumnado no ámbito rural, xa que levamos 6 cursos ascendendo notablemente en alumnos, en consonancia dende que temos proxectos de innovación educativa como por exemplo Mestres Gandeiros, o que fai que no curso 18-19 tivéramos 53 alumnos, e no curso 25-26 teremos 80, polo tanto a evolución positiva do centro é constante.

Canto profesorado teñen?

Actualmente temos 12 mestres, e o 80% dos mestres son de Vilalba e o restante da provincia de Lugo.

Ademais do ensino propiamente dito, teñen actividades de convivencia coa comunidade?

Si temos actividades que facemos durante o curso ca ANPA en conxunto como excursións, visitas culturais como as realizadas a través do Programa a Escola a Granxa ou Coñece a túa Provincia, da man da Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

Cales son os proxectos de futuro?

O proxecto de futuro é seguir crecendo, involucrándose en novos proxectos, estamos pensando en facer intercambios con outros centros, incluso Erasmus+, e temos en mente novos proxectos para o noso programa Mestres Gandeiros, xa que para nós é fundamental dar a oportunidade o alumnado de que coñeza profesións do seu entorno máis próximo que é o medio rural.

Teñen algunha carencia ou necesidade?

Carencias destacables non temos ningunha que salientar, único sería, por necesidades do centro, ter os mestres de atención á diversidade a tempo completo, pero do resto non temos grandes necesidades.

Como vén o futuro do centro?

Moi positivamente, hai un proxecto a longo prazo onde tanto as familias como os mestres están moi implicados, así como as distintas administracións educativas, así vemos un futuro prometedor.

A Xunta realiza os cambios no transporte escolar demandados polo Concello

A Xunta atende as demandas trasladadas polo concello de Vilalba e implementa melloras no transporte escolar, amosando o seu compromiso coa mobilidade nas zonas rurais.

Entre as principais actuacións destaca a atención á solicitude do CEIP Antonio Insúa Bermúdez, para o que implantou a parada Pista do Carballo, que substitúe a de Broz dende o pasado 20 de xaneiro. Este cambio aplicouse tras comprobarse que a parada Broz era utilizada unicamente por un alumno.

Por outra banda, tamén se deu resposta ás demandas trasladadas polo CEIP Terra Chá con respecto aos problemas de capacidade nalgunhas liñas que dan cobertura ao centro. Así, realizaranse algúns axustes na relación de paradas dispoñibles, como o traslado da parada A Igrexa, 17 da liña Bouzamelle-A Pravia á liña CEIP Terra Chá-Vilaes-ter. Esta modificación suporá a liberación de tres prazas na primeira liña e non afectará aos tempos de viaxe establecidos.

No caso do IES Basanta Silva, atendéronse asemade as peticións do centro con respecto da demanda de persoas usuarias. Tras estudar o acontecido, determinouse que na liña IES Santiago Basanta Silva-Pereira emprégase un vehículo que dispón de dúas prazas adicionais ás reservadas para escolares con dereitos e mantense a mesma capacidade que no curso pasado.

Finalmente, no que atinxe ao ámbito da estación de autobuses de Vilalba, tras a recente visita da directora xeral de Mobilidade no pasado mes de outubro, estanse a analizar vías de mellora da súa infraestrutura.

PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en urallitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



NUEVO
SERVICIO:
PLANTA DE
HORMIGÓN



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com



Cohempo entrega os premios do concurso de decoración de Nadal

A Asociación de Comerciantes, Hostaleiros e Empresaris Ponteses (Cohempo) fixo entrega dos premios do Concurso de Decoración de Nadal 2024, organizado en colaboración co Concello das Pontes. Unha vez máis, a creatividade e o esforzo dos veciños e veciñas contribuíron a encher de luz, cor e maxia as rúas da vila durante as festas. Desde a organización expresaron o seu profundo agradecemento a todas as persoas participantes, así como ao xurado, composto por Gemma García (MAYGE menaxe e agasallos), Jacobo Docanto (La Casa de Candelaria) e Elena López (Concello das Pontes). Ademais, recoñeceron a colaboración de Néboa Estudio Fotográfico, encargado de inmortalizar os mellores momentos do evento. Na categoría de Casas, na modalidade de Fachada, o primeiro premio foi para Vanesa Rivera Franco (350 €), o segundo para María Carmen Martínez López (250 €) e o terceiro para Mari Luz Fernández Barro (150 €). Na modalidade de Xardín, o único premio (250 €) recaeu en

Mariluz Barrio Pena, mentres que na modalidade de Fachada + Xardín o primeiro premio (500 €) foi para Carlos Corral Pico e o segundo (300 €) para María Jesús Gregorio. En Edificios de Vivendas, na modalidade de Fiestras e Balcóns, o primeiro premio (250 €) foi para Cristina Rodríguez García, o segundo (150 €) para María Blanco Fernández e o terceiro (100 €) para Iria Bellas Carballo. Na modalidade de Portais, o primeiro premio (150 €) foi para Lara Corral Gegúndez e o segundo (100 €) para María Cendán Vilaboy. Na modalidade de Portas, o único premio (100 €) foi para Juan F. Esteban Hurtado. Na categoría de Clubs e Asociacións, o primeiro premio (300 €) foi para A Xanela e o segundo (200 €) para Aspanaes. Ademais, entregáronse tres accésits, con premios de 100 € cada un, a Cecilia García Picallo, Natalia Corral Franco e Sandra Alonso Fontao. Desde o Concello e Cohempo animan a toda a veciñanza a continuar participando nos próximos anos e agradecen o compromiso dos participantes.

Un convenio co IGVS mobilizará o parque de vivendas baleiras

O salón de actos da Casa Dopeso acolleu, a semana pasada, unha xornada informativa, organizada polo Concello das Pontes coa colaboración do Instituto Galego de Vivenda e Solo co obxectivo de informar á veciñanza sobre as liñas autonómicas de axudas, en vigor, en materia de vivenda. Durante o encontro, o rexedor local, González Formoso avanzou que o Concello das Pontes asinará un convenio de colaboración coa Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas para poñer en marcha un rexistro municipal de vivendas en alugueiro para que a veciñanza das Pontes se poida beneficiar destas axudas e facer fronte á problemática de acceso á vivenda detectada no municipio. Así, o alcalde apuntou que “no plan de vivenda elaborado polo Concello das Pontes detectamos unha serie de carencias, dáse o paradoxo de que o 25% do parque de vivendas do municipio está baleiro e hai unha demanda crecente de alugueiro, tanto de persoas que veñen a traballar ás Pontes e como de xente moza que se está atopando con dificultades para atopar vivenda na nosa vila a pesar de existir inmobles baleiros”. Pola súa banda, a secretaria xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, María Ángeles Domínguez explicou aos asistentes as dúas liñas da axuda do Plan Vivendas Vivas (PMVA) co que “se pretende mobilizar o maior número posible de vivendas baleiras de titularidade privada para a súa incorporación, a un prezo accesible, ao mercado de alugueiro”. En ambos casos, o PMVA garantirá ás persoas arrendadoras das vivendas



incluídas nel durante un prazo máximo de cinco anos, a contar desde a entrada en vigor do contrato, un seguro que cubra o abono das rendas non pagadas, así como un seguro para a reparación dos danos que se ocasionen nas vivendas durante a vixencia do arrendamento, sempre que non sexan consecuencia da súa deterioración polo seu uso ou polo paso do tempo, e a asistencia xurídica ante os problemas que poidan xurdir durante o tempo de duración do contrato ou cando se resolva. A primeira liña de axudas desenvolverase a través dunha rede de entidades colaboradoras (axentes inmobiliarios, administradores de fincas e intermediarios inmobiliarios) que serán as encargadas de localizar e captar vivendas que reúnan os requisitos idóneos, publicalas na plataforma informática do IGVS desenvolvida para este programa. Poderán ser arrendatarias das vivendas incorporadas ao PMVA as persoas que contén coa credencial vixente da súa inscrición no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda de Galicia como demandantes, en réxime de alugueiro, debendo

dedicar a vivenda alugada á súa residencia habitual e permanente durante todo o tempo de duración do contrato. A unidade de convivencia debe ter uns ingresos anuais de entre 1 e 4,5 veces o IPREM (entre 8.400 e 37.800 euros) e a renda da vivenda non será superior ao 30 % dos ingresos da unidade de convivencia. A segunda liña desenvólvese e a través dos concellos que serán os encargados e elaborar o rexistro das vivendas dispoñibles. Neste caso as persoas arrendatarias serán de sectores da poboación, aos que, por razón da súa baixa rella, lles resulta máis complexo acceder ao alugueiro. Así esta liña de axudas diríxese a unidades de convivencia con ingresos de entre 0,7 e 1,5 veces o IPREM (entre 5.900 e 12.600 euros), e que teñan dificultades especiais para alugar unha vivenda. Ademais, terán que estar rexistrados no R Rexistro Único de Demandantes de Vivenda de Galicia en réxime de alugueiro e a renda que deban pagar non pode superar o 30 % dos ingresos da unidade de convivencia.



RESTAURANTE PARRILLADA

O' Adro

COMIDA PARA LEVAR
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...

Ven a probar os nosos cocidos

O Adro, Lanzós 27816
VILALBA - LUGO
982 52 58 65 - 626 23 71 56



Avenida de Outeiro de Rei, 57 - Castro Ribeiras de Lea

Teléfono: 982 330 465

As Pontes dá luz verde ao IV Plan Municipal de Igualdade

A Xunta de Goberno Local do Concello das Pontes aprobou, esta semana, o IV Plan Municipal de Igualdade, un conxunto de accións e medidas que se deben aplicar en diferentes áreas municipais, co obxectivo de acadar a igualdade efectiva, de trato e oportunidades entre mulleres e homes. O plan Municipal consta de seis liñas estratéxicas de acción. A primeira liña é a de transversalización do enfoque de xénero nas políticas municipais, conformada por catro obxectivos e 11 medidas de acción encamiñadas á consecución da incorporación da perspectiva de xénero.

A segunda liña está encamiñada á promoción dunha cultura e deporte igualitarios, libres de violencia de xénero e outras violencias machistas, para proporcionar ferramentas para a promoción da igualdade e a erradicación das violencias entre o tecido social, cultural e deportivo no municipio.

Pola súa banda, a liña estratéxica número 3 busca erradicar os discursos



de odio e as violencias machistas nos espazos municipais, dándolle visibilidade á diversidade sexual e de xénero.

A cuarta liña estratéxica, de saúde e calidade de vida, está conformada por un obxectivo e inclúe tres medidas dirixidas a reforzar a perspectiva de xénero en todos aqueles ámbitos a nivel municipal vencellados co benestar físico e socio-sanitario.

A liña número 5, de emprego, mercado laboral e conciliación, ten tres

obxectivos e nove medidas dirixidas a incorporar a perspectiva de xénero e a igualdade de oportunidades ao mercado laboral municipal.

Finalmente, a sexta liña estratéxica, de participación cidadá igualitaria, está conformada por dous obxectivos e seis medidas encamiñadas a promover a participación das mulleres no tecido asociativo e movemento cultural do municipio, facendo fincapé na necesidade de facelo desde unha perspectiva interseccional.

Os tres traballos que cativaron ao xurado dos Premios Hume

O xurado encargado de valorar os traballos presentados aos IX Premios de Investigación Hume, tras analizar as propostas, tivo moitas dificultades para escoller entre os dous gañadores o que ocuparía a primeira praza.

O primeiro premio foi concedido ao traballo titulado *Os lindes parroquiais do Concello das Pontes de García Rodríguez segundo o catastro de Ensenada (1752)*", presentado por Iago Isasi Freire e David Pereira Meizoso. Esta investigación analiza a organización territorial do século XVIII a través do catastro de Ensenada, ofrecendo unha perspectiva histórica da evolución das parroquias do Concello das Pontes ata a actualidade. Ademais, destaca polo seu labor de recollida de microtoponimia e tradición oral, elementos en risco de desaparición. O xurado subliñou a metodoloxía empregada, a amplitude e o rigor das fontes documentais utilizadas, así como o minucioso traballo de campo.

Iago Isasi Freire, residente en Santiago de Compostela, é Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, ademais de doutor en Matemáticas. Pola súa parte, David Pereira Meizoso, residente en Sanxenxo, é Enxeñeiro Técnico en Obras Públicas, doutorado en Tecnoloxía da Computación e Medio Ambiente, e conta cun amplo currículo académico en dirección financeira e enxeñería.

O segundo premio foi outorgado ao traballo *Rabuñan as voces*, de Cristina Souto Pita, unha investigación sobre a posmemoria na arte contemporánea. O traballo aborda

os traumas do pasado vinculados ao crime das Barosas, propoñendo unha relectura interdisciplinar a través dunha montaxe artística composta por obxectos recollidos, un acordeón con imaxes e textos, e un mural que documenta a exhumación da fosa común. O xurado destacou a relevancia temática, ligada á memoria democrática, e a impecable presentación e rigor metodolóxico.

Cristina Souto Pita, residente nas Pontes, é graduada en Belas Artes pola Universidade de Vigo e conta cunha destacada traxectoria artística, con participación en festivais audiovisuais, exposicións colectivas e residencias artísticas.

O xurado valorou entre outros como aborda a temática, oportuna pola súa relación coa memoria democrática. Posúe unha impecable presentación, excelente redacción e temática ligada á memoria histórica, pero amosada desde unha perspectiva novidosa e interdisciplinar. Segue con rigor o método científico aplicado ás ciencias sociais, en canto a estrutura, estado da cuestión, obxectivos, propostas e conclusións. Abundancia de ilustracións e imaxes. Boa redacción, con amenidade, con citas e referencias bibliográficas.

Ademais, o xurado outorgou un accésit ao traballo *Un pueblo alrededor de una plaza. Historia y evolución de la Plaza del Hospital de As Pontes y su entorno*, do pontés Javier Barcón Vázquez. Esta investigación histórica analiza a evolución urbanística da praza e o seu contorno, destacando pola emoción transmitida no relato.

Reciben unha achega da Deputación para reforzar a área de Benestar Social

O pleno do Concello das Pontes aprobou destinar 143.791 euros, procedentes da Deputación da Coruña para reforzar os servizos que ofrece á veciñanza o departamento de Benestar Social.

Tania Pardo, responsable da área, apuntou que "destinará 125.791'19 euros a gasto corrente que destinarán a algúns dos programas cos que contamos na actualidade, así 12.878'19 euros empregaranse para reforzar o servizo de axuda no fogar,

na súa modalidade de dependencia". Por outra banda, 5.000 euros irán para aumentar as axudas do plan de emerxencia social, "prestacións económicas, de carácter urgente, finalista e extraordinario coas que tratamos de axudar aos veciños e veciñas das Pontes a paliar situación de carencias básicas".

Así mesmo, 7.913 euros destinaranse a adquisición dunha aplicación informática para mellorar e axilizar a xestión do servizo de axuda no fogar

que permitirá optimizar os horarios e a asignación de servizos, acceso permanente a toda a información sobre as persoas usuarias e a súa evolución, elaboración do plan de intervención, etc "que reverterán positivamente na calidade do servizo e da xestión do mesmo".

Os 18.000 euros restantes estarán destinados a reforzar o banco de produtos de apoio para persoas con mobilidade reducida coa adquisición de novos dispositivos de asistenciais.

CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

Implantes Dentales

Cita Previa:

982 228 428 · 608 938 993



Camiño Real, 36-38 Entlo · 27004 Lugo

www.clinicadentaltest.es



Formoso anuncia a caída do desemprego local a mínimos históricos

O alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, á luz dos últimos datos oficiais publicados pola Xunta de Galicia e o Estado sobre o emprego na Comunidade Autónoma fai un balance positivo dos mesmos, destacando a notable baixa que experimentou o desemprego no municipio ao longo de todo o ano. Así o rexedor local indicou que “As Pontes pecha o 2024 no limiar máis baixo de desemprego da historia do municipio desde que se contabilizan datos. Hai 306 persoas desempregadas na actualidade, cifra que representa o 3,1% da poboación das Pontes e somos o terceiro concello con menos paro dos 21 municipios que

conforman as comarcas do Eume, Ferrol e Ortegal”. En palabras Gonzalez Formoso, o motivo desde descenso débese á aposta polas Pontes tanto de empresas locais como de novos proxectos “vimos como moitas das instalacións industriais que estaban pechadas nas Pontes foron adquiridas e postas en marcha por distintas empresas, que supuxeron un revulsivo na contratación.” O alcalde tamén se mostrou esperanzado e sinalou que “na actualidade os polígonos industriais están ao 90% de funcionamento, pasamos de ter 12 naves baleiras a ter só unha”, dixo.

Arranca na biblioteca municipal o Reto Lector

A Biblioteca Municipal Enrique Rivera Rouco puxo en marcha a novena edición da iniciativa O Reto Lector, destinado a fomentar a lectura. Os veciños e veciñas que desexen unirse a esta iniciativa, deberán ler, no caso do público infantil, 12 títulos mentres que o público adulto (a partir dos 14 anos) deberán ler 12 libros do catálogo de fondos bibliográficos da Biblioteca Municipal, en ámbolos dous casos haberá unha categoría extra para aqueles lectores e lectoras que rematen o reto e queiran optar a dúas entradas gratuítas para o cinema. As categorías elixidas, no caso do público infantil, son un cómic, un libro sobre o amor ou a amizade, un libro de poesía, un libro cun animal

na portada e un libro-disco. Asemade terán que ler un libro sobre maxia, un libro que fose premiado, un libro sobre natureza, un libro sobre o corpo humano, un libro que teña a nenas como protagonistas, un libro sobre xente no mundo e un libro sobre a familia. No caso da categoría extra haberá que ler un libro adaptado a serie ou a película. O público adulto terá que elixir 12 títulos, entre eles un cómic, un ensaio, un libro de poesía, un debut literario, un libro dun autor ou autora das Letras Galegas e un libro de relatos. Tamén terán que ler un título de literatura norteamericana, un libro premiado, un título recomendado, un libro escrito por unha muller, un libro local e un libro de misterio.

As Pontes volveu manifestarse reclamando un plan industrial

“Cantos despedimentos máis e canto emprego máis se ten que destruír para que os gobernos actúen?”. Esa foi a pregunta que lanzou o secretario xeral da CIG, Paulo Carril, ao inicio da manifestación na Praza do Carme coa que a central nacionalista dá continuidade ao calendario de mobilizacións “ante a falta de alternativas á perda do tecido económico e os postos de traballo, e que incluíu á convocatoria dunha folga xeral en novembro de 2023 na que o pobo das Pontes saíu masivamente á rúa”. Cualificou As Pontes como “a zona cero” do desmantelamento industrial que padece o país fronte ao que reclamou dos Gobernos que poñan en marcha un plan que garanta a reindustrialización e a creación de emprego -de igual xeito que se fixo co plan de desenvolvemento de 1997-, que se cree chan industrial, que se materialicen xa os proxectos tan publicitados, que os fondos públicos destinados á transición xusta “sexan unha realidade” e que se reasignen os 1469 MW que estaban ocupados pola central de Endesa.

Criticou a desaparición “inexplicable e inaceptábel” da capacidade de evacuación á rede, cando o propio Miteco identificou esta capacidade como unha “fortaleza e oportunidade” para a instalación de novos proxectos industriais nas localidades afectadas polos procesos de descarbonización da economía. Por iso, Carril reivindicou a convocatoria inmediata do concurso de transición xusta no nó das Pontes, mantendo os 1469 MW, e incorporando todas as obrigas correspondentes á poxa pública. “Sobre os múltiples proxectos anunciados publicamente para As Pontes ao longo destes anos, o último informe da Consellaría de Economía e Industria constata que, aínda que



xa deberían estar en execución e implantación, apenas teñen avanzado e todos seguen estando en fase de tramitación. A chea de empregos que se anunciaba coas plantas de hidróxeno, a fábrica de pneumáticos, a de biofibra, o centro de hidróxeno e amoníaco, as centrais hidroeléctricas reversíbeis ou incluso unha planta de acuicultura, segue a ser unha promesa sen concreción real”, denunciou o secretario xeral da CIG. Nesta liña, criticou que ao tempo que a estratexia de transición xusta

ten evidenciado o seu fracaso en termos de alternativas á destrución de emprego e ás perdas socioeconómicas derivadas dos peches das centrais térmicas, “Endesa, co apoio dos distintos Gobernos, xa encetou o desmantelamento da central, deixando atrás un regueiro de despedimentos e traslados forzosos, e actúa impunemente sen asumir ningún tipo de responsabilidade social e territorial, mentres segue facendo caixa a conta de espoliar os nosos recursos”.

CENTRO DE SAÚDE



A veciñanza pontesa concentrouse diante do Centro de Saúde convocada polo BNG baixo o lema Non ao desmantelamento dos servizos de saúde. Esta convocatoria manterá a súa continuidade todos os xoves ás 12:00h, na reclama da mellora e mantemento do servizo da atención primaria na vila. Reclaman a cobertura definitiva e completa do servizo de pediatría e o reforzo das e dos profesionais existentes cando aumenten as necesidades.



¡Para todo lo que tu
automóvil necesita!



Husqvarna Bosque y Jardín CARLOS



Reparaciones Carlos, S. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
jcpenelas@bosch-bcs.com

REBAIXAS!!!
Descontos desde
un 15% en toda a
exposición!!!
Ata o 2 de marzo

MOBILIARIO PARA O TEU FOGAR
Especialistas en moble modular
e agora tamén
DESEÑAMOS A TÚA COCIÑA.



PLAMOBLE

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

“O mellor dunha historia é que atrape a quen a le”

Benigno Durán Novo vén de publicar a súa primeira novela, ‘Guardián’

Fai uns meses o pontés de adopción Benigno Durán Novo deu o salto á literatura coa publicación de *Guardián*. Este vilalbés de nacemento, nútrese da súa profesión, a psicoloxía, e da súa experiencia vital para enganchar ao lector nunha trama de misterio.

Esta é a súa primeira incursión como escritor. Como xurdiu a idea?

A idea de *Guardián* xurdiu case como un murmurio. Unha historia que levaba tempo latindo na miña cabeza, esperando o momento axeitado para saír á luz. Sempre me fascinou o misterio, os segredos que permanecen ocultos baixo a aparencia da normalidade, e un día ocorríuseme: e se houbera algo moi antigo e fascinante agochado nun lugar insospeitado para todos nos?

Canto tempo lle levou escribila?

Máis do que pensaba e menos do que temía. O proceso foi unha viaxe intensa, chea de descubrimentos, onde a historia foi tomando forma pouco a pouco. O tempo exacto? Digamos que foi necesario un ano para que cada segredo atopara o seu lugar.

Fálenos un pouco do que atoparemos na novela *Guardián*.

Guardián é unha historia de misterio e investigación, cun segredo que leva séculos soterrado. Os protagonistas enfróntanse a unha verdade incómoda: Descubrir que hai detrás dunha serie de sucesos inexplicables que ocorren diante dos seus ollos. Un segredo milenario, un pasado inquietante e unha loita entre a ética e o poder conforman o fio da trama que, espero, manterá ao lector en tensión ata a última páxina.

Onde se está vendendo e que aceptación ten?

A novela pode atoparse tanto en librarías físicas coma en plataformas dixitais. Encontrarémola dende El Corte Inglés, FNAC, Amazon, e dende logo, na librería de confianza de cada un de nos, tamén en infinidade de librarías *on line*. A acollida está sendo moi boa, o que é unha gran satisfacción para min. Os lectores coméntanme que lles custa deixar o libro, que senten esa necesidade de saber máis, de resolver o enigma. Os adxectivos que máis me repiten son: aditiva e sorprendente. Iso é o mellor que lle pode pasar a unha



historia: que atrape a quen a le.

Xa está traballando nun novo proxecto?

Os personaxes non calan, seguen falando na miña cabeza. Así que si, xa estou inmerso nunha nova historia, pero, como en todo misterio, aínda non podo contar demasiado... só direi que hai segredos que non deberían ver a luz.

Cal foi a fonte de inspiración? De que se nutre para crear os personaxes e as historias?

A realidade é sempre un bo punto de partida. A historia está chea de feitos esquecidos, de decisións cuestionables que marcaron o futuro sen que nós o soubésemos. Ademais, inspíranme os espazos con historia, os lugares que gardan sombras no seu pasado. No caso de *Guardián*, esas sombras convertéronse en algo máis real do que ningún podería imaxinar.

Se lemos o libro, paseamos por Vilalba?

Si, de xeito literal. Creo que cada recuncho desta vila esconde un misterio. Pero tamén está no espírito da historia. Hai paisaxes, atmosferas e sensacións que seguramente resulten familiares. Sempre levo comigo os lugares que me marcaron dalgunha maneira, e creo que iso se nota na novela. Vilalba, máis que o lugar onde transcorre a acción é un protagonista máis da historia.

Atópase tamén algún perfil autobiográfico?

Cada escritor deixa algo de si mesmo no que escribe, aínda que non sempre de forma evidente. Non hai un personaxe que sexa “eu”, pero si hai pensamentos, inquietudes e preguntas que forman parte da miña propia visión do mundo.

A súa profesión como psicólogo e tamén a súa experiencia en Endesa achegaron algo a esta novela?

Sen dúbida. A psicoloxía axúdame a comprender as motivacións dos personaxes, a construír persoas reais con luces e sombras. A experiencia profesional tamén me deu un ollo analítico e unha curiosidade insaciable polos procesos que a maioría da xente non ve. Iso impregna a historia, porque *Guardián* trata, en definitiva, sobre o que se oculta detrás do que damos por feito.

É complicado entrar no mundo da literatura e vivir disto?

Non é doado, pero tampouco imposible. A clave está en escribir porque non podes evitar facelo, porque hai unha historia que necesitas contar. Se esa paixón chega aos lectores, entón paga a pena cada esforzo. No meu caso tiveron a enorme sorte de atopar unha editorial que apostou por min, trátase de Loto Azul Editorial, de Valencia.

Cal é o proxecto máis inmediato?

Seguir escribindo. A historia non remata con *Guardián*; hai fíos que levan a novas preguntas. O misterio non se esgota... e eu tampouco.

Plaza San Juan 1, Vilalba Local 100m ²	5.000€
Se vende bajocubierta en edificio sito en Travesía de San Juan en Vilalba, existiendo posibilidad de dividirlo en varios trasteros sin mucha dificultad.	
Calle de Galicia, Vilalba Piso 3 Dorm 2 Baños 98m ²	97.000€
En Vilalba (Lugo), se ofrece en venta un piso céntrico, de tres habitaciones y sala, dos baños (uno con bañera y otro con ducha), y cocina equipada. Dispone de calefacción, ascensor y una plaza de garaje. A mayores, si se precisa un piso mas grande, es posible comprar la vivienda que está al lado y que está disponible. La cual tiene una superficie de unos 89 metros cuadrados construidos. Es decir, se puede tener un piso de más de 190 metros cuadrados construidos con dos plazas de garaje. Siendo el precio de los dos pisos, si se compran conjuntamente, 150.000 €.	
Grupo As Fontiñas, Vilalba Piso 4 Dorm 2 Baños 110m ²	85.000€
En Vilalba (Lugo), barrio de Fontiñas, en las proximidades de los colegios, ofrecemos un piso muy luminoso, completamente renovado. La vivienda está distribuida en cuatro habitaciones, dos baños, salón-comedor y cocina. Se vende con los muebles existentes en la misma. El piso dispone de calefacción de gas ciudad y una garaje individual y cerrado. Se trata de un piso tercero sin ascensor.	
Campelos, Vilalba Finca rústica 7 Dorm 2 Baños 380m ²	340.000€
En la parroquia de Carballido, municipio de Vilalba (Lugo), se vende vivienda rústica, de unos 380 metros cuadrados, repartidos en dos plantas y bajo cubierta. En la planta baja está la cocina, la sala, un baño y el garaje; en la planta primera, hay siete habitaciones y un baño y el bajocubierta tiene unos 80 metros cuadrados corridos.	
Calle Placido Peña 16, Vilalba Piso 3 Dorm 2 Baños 85m ²	99.000€
En Vilalba (Lugo), se vende piso céntrico, con todos los servicios en las proximidades, de tres dormitorios y sala, dos baños y cocina amueblada. Dispone de plaza de garaje en el mismo edificio, trastero y ascensor.	
Mondoñedo s/n, Vilalba Terreno / Urbanizable 382m ²	5.000€
En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende parcela de 382 metros cuadrados, con unos 11 metros fachada a calle con acera. La parcela se encuentra en estudio de detalle.	
Mondoñedo 15, Vilalba Casa / Chalet adosado 5 Dorm 2 Baños 166m ²	84.000€
En Vilalba (Lugo), se vende vivienda unifamiliar adosada, de cinco habitaciones y sala, dos baños, cocina y dos trasteros. Dispone de calefacción de gasoil.	
Pedrido, Vilalba Casa rural 4 Dorm 1 Baño 162m ²	115.000€
En el lugar de Pedrido, parroquia de Oleiros, municipio de Vilalba (Lugo) se vende vivienda unifamiliar independiente y aislada, de planta baja y piso. La planta de abajo está preparada para vivir y la de arriba solo está dividida en cuatro dependencias; pero están sin terminar. La casa dispone de pozo y está dentro de una finca que tiene una superficie algo superior a una hectarea de terreno.	
Calle de Galicia, Vilalba Terreno / Urbano (solar) 1.950m ²	500.000€
En Vilalba (Lugo), se vende solar situado entre el centro y la zona escolar. Se trata de una parcela totalmente edificable, con calle por la parte de arriba y por la parte de abajo. La edificabilidad a avda. de Galicia son bajo, 5 plantas y ático.	

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco
Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal
Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)
Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)
Tfños.: 982 510 257 - 600 828 720
www.rocaabogados.info
www.inmobiliariajroca.es

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA
CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS
R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20
(O Ramal) Rábade
Telf. 982 871 103

URXENCIAS
24 HORAS

Comezon as xornadas de cine rural dos sábados

Durante os meses de xaneiro e febreiro Friol poderá desfrutar de catro tardes de sábado de cine, gracias ás segundas Xornadas de Cine Rural que o Concello organiza en colaboración co Departamento de Pedagogía e Didáctica da USC, representado neste caso polo veciño de Friol Suso Rodríguez.

Estas xornadas comezaron o 25 de xaneiro, e continuarán o 1, 8 e 15 de febreiro, dando comezo todas elas ás seis da tarde, no salón de actos do Centro Sociocultural de Friol. Na primeira das xornadas, puidos verse a reportaxe *Tiempo de ilusión, tiempo de recuerdo*, emitida no ano 1979 no programa da TVE *Vivir cada día* sobre o rural galego, no concello de Friol.

Na segunda xornada proxectouse *De Quijotes y Semillas*, documental no que o cociñeiro Santi Cordón realiza unha viaxe en verducleta e fai unha incursión á España esquecida para escoitar a romántica loita dos seus últimos Quijotes, intercambiar sementes con eles e poñer

en valor un tesouro culinario en vías de extinción (dirixido por Patxi Uriz e Jordi Matas).

Durante a terceira xornada, o 8 de febreiro, visualizárase *Paxaros de Algodón*, neste documental trátase de abrir unha fiestra que permita coñecer mellor os trastornos de espectro autista axudándose de dous contos teatralizados polo persoal técnico e residente de Aspanaes As Pontes (Dirección: Xosé Manuel Felpeto e Roberto Rego). Contarán con diferentes profesionais relacionados co ámbito do TEA.

E para rematar con estas segundas xornadas de Cine Rural, o 15 de febreiro, proxectarase *A mestra de escola*, documental dirixido por Alba Prol e producido por Me-teórica Cine, que é unha peza audiovisual que afonda na realidade educativa do rural galego a través das experiencias de seis mulleres vinculadas ao ensino (mestras e antigas alumnas que comparten vivencias persoais e reflexións sobre a evolución do sistema educativo).

O investimento da Xunta no CPI ascende ata os 830.000 euros

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, Román Rodríguez, comprobou o resultado da segunda fase da rehabilitación do Colexio CPI Plurilingüe Dr. López Suárez, coas que a Xunta incrementa ata superar os 830.000 euros o investimento na reforma integral do centro. A primeira fase destas melloras executouse no ano 2020.

A segunda fase, realizada no 2024, incluíu obras de reparación da cuberta, cambio de canlóns e illamento da fachada do edificio número 3 do centro, que non se rehabilitou na anterior ocasión. Na primeira fase, executada sobre os edificios 1 e 2, realizáronse traballos de cambio de cuberta e illamento de fachadas, ademais de mudar as fiestras por unhas novas de aluminio con rotura de ponte térmica e vidro dobre baixo emisor e persianas con illante térmico. A actuación completouse coa



instalación de luminarias led e falsos teitos, cambio de portas e reorganización de espazos, entre outras tarefas.

Román Rodríguez destacou que, intervencións coma esta, “son un claro exemplo da aposta da Xunta polo ensino no rural ao abeiro do Plan de nova arquitectura pedagóxica, a través do que estamos a modernizar as instalacións dos centros educativos

de toda Galicia, facendo fincapé no benestar da comunidade escolar”. O conselleiro quixo poñer tamén en valor o dinamismo deste colexio, o único centro educativo do concello de Friol, que participa en numerosas iniciativas no marco do Plan Proxecta, así como no Plan de mellora de bibliotecas escolares ou nos Clubs de lectura, entre outras iniciativas.

PATRIMONIO



A Deputación de Lugo sinalizou en Friol a Pedra das Cazolas tras caer sobre a LU-P-2109, que é a estrada que conecta as parroquias da Devesa e Vilafiz por Gonze. As choivas abrandaron a terra na que se sitúa este monumento megalítico, ao borde da vía provincial á altura da Ferreira, na parroquia de Serén. O megalito, duns catro metros de altura, invadiu a cuneta e parte da calzada. Agora terá que ser un arqueólogo da Xunta o que avalíe os danos na Pedra das Cazolas, que terá que ser levantada polo propietario do terreo privado no que se encontra este monumento.

Friol licita por 173.000 euros o novo local social de Narla

O Concello de Friol anunciou que licitará por case 173.000 euros as obras do novo local social da parroquia de Narla. Reuníronse en Narla o Alcalde de Friol, José A. Santos e varios veciños desta parroquia, para falar do proxecto de execución do local social que se vai facer na finca que a comunidade de veciños ten no barrio de Eirixe, en dita parroquia de Narla.

Este proxecto eleva o seu orzamento a case 173.000 euros, dos cales, a Xunta de Galicia asumirá o 80%. O restante 20% será asumido con fondos propios do Concello de Friol. Durante este encontro, o rexedor trasladoulle aos veciños que se achegaron ata alí, que o seguinte paso é

proceder á licitación das obras, co obxectivo de adxudicar estes traballos para a construción de estas novas instalacións.

Optouse por realizar un novo local social debido ao mal estado no que se atopa o existente. Os técnicos municipais valoraron a opción de rehabilitar o que está construído, pero non viron viable a recuperación destas antigas instalacións.

Esta actuación permitirá dar servizo á veciñanza desta parroquia, para poder ter un local onde poder realizar xuntanzas, comidas ou festas dos veciños e veciñas, e tamén para poder realizar nel as reunións da CMVMC de Narla.

Este local social de Narla contará

cunha superficie total útil de case 120 m2, distribuída en unha sala de usos múltiples, unha zona exterior cuberta, cociña, aseo, cuarto de limpeza, almacén e vestíbulo.

A Xunta de Galicia continúa prestando o seu apoio aos concellos para que poidan dar os servizos necesarios aos seus veciños e veciñas.

O alcalde di que “quero agradecer unha vez máis á Xunta de Galicia pola súa predisposición co noso municipio, para colaborar e poder así levar a cabo proxectos como este, proxectos necesarios para as persoas que vivimos en Friol poidamos dispor de instalacións nas que se poidan desenrolar actividades sociais, culturais o de outra índole”.

Cuando necesitas energía limpia y accesible, él está aquí

Cree en el Sol

En EDP, creemos que elegir la Tierra conlleva mirar al Sol en busca de soluciones energéticas limpias y accesibles. Porque, cuando elegimos el Sol, elegimos lo mejor para todos.

Descubre cómo ahorrar en edpenergia.es





Remata o primeiro concurso de tapas coa elección dos gañadores

Este mércores tivo lugar o recuento dos votos emitidos durante o I Concurso de Tapas do Concello de Friol, que se levou a cabo no propio Concello, coa presenza de representantes de case todos os establecementos participantes, xunto con unha representante do Equipo de Goberno Municipal. O establecemento gañador resultou ser Restaurante Orixes, coa súa proposta Polbo á grella con crema de pataca, crocante de xamón e aire de pementón, que acadou un 8,9 de nota media. O segundo clasificado Bar O Cruceiro quedou moi cerquiña, cunha puntuación media de 8,2. O Restaurante Roimil en terceiro lugar obtivo un 8,1 de media de todas as puntuacións contabilizadas. Todos os locais participantes obtiveron moi boas notas por parte da clientela, achegando a un 8 de nota media, o que fai crer ao Concello que para o vindeiro ano se poida continuar con esta gran iniciativa. Este primeiro clasificado contará con un premio composto por un lote de produtos valorado en 300 euros. Despois de facer o recuento de votos para coñecer a proposta gañadora, tamén se procedeu ao sorteo de tres premios entre todas as persoas participantes. Recordando que tanto

para poder participar como para poder ter en conta a puntuación dada a cada creación, debían estar seladas todas e cada unha das tapas participantes, no que saíron premiados en terceiro lugar Lucía Varela Corredoira, Katia Pena Villar en segundo lugar e Juan Verde Barcala en primeiro, así como tres reservas; Ana Isabel Castro Rodríguez, Iván Ramón Fagil e María Begoña Lamas. Os gañadores do sorteo serán avisados durante esta semana, e de non conseguir contactar con eles, o premio pasará á persoa que quedou en reserva durante o sorteo. O primeiro premio de este concurso consiste nun lote de produtos valorado en 200 euros máis 200 euros en efectivo. O segundo premio consta de unha viaxe para dúas persoas á Bodega Jaros (visita á bodega, ao viñedo e cata, ademais do xantar). E o terceiro premio son dúas botellas de viño Jaros e Adega d’Berna e un lote de produtos El Globo. A alta participación en esta primeira edición puido ratificarse coa apertura das urnas, xa que houbo máis de dúascentas papeletas válidas para o recuento, é dicir, máis de dúascentas persoas que recorreron e degustaron a totalidade de propostas que se ofertaron.



Unha xata acada na Poxa de gando frisón en Friol o prezo máis alto ata a data

A terceira edición da Poxa de gando frisón en Friol, celebrada este sábado, destacou pola súa gran acollida e polo récord acadado no prezo dunha xata, que foi vendida por 5.000 euros, o maior rexistrado ata o momento. O evento, organizado por Africor en colaboración co Concello, tivo lugar no mercado gandeiro a partir das 12.00 horas e reuniu un numeroso público. A participación foi elevada, con oito ganderías de diferentes concellos lucenses como Cospeito, Chantada, Pol, Lánchara, O Páramo, Sarria, Lugo e Friol, que presentaron 16 exemplares: once vacas paridas e cinco xatas. A xornada transcorreu nun am-

biente animado, coa satisfacción dos organizadores por vender a totalidade dos animais presentados. Ademais do récord alcanzado, o prezo medio de venda foi notable, situándose en 3.147 euros. A xata que marcou o límite pertencía á gandería Casa Gabino de Friol, confirmando o alto nivel dos exemplares postos á poxa. O alcalde, José Ángel Santos, quixo recoñecer o esforzo de todas as ganderías implicadas e destacou o traballo conxunto que fixo posible este éxito. “É un orgullo ver como eventos coma este seguen a medrar e a consolidarse grazas á implicación do sector e á colaboración con Africor”, afirmou.

O polo atendeu uns 200 proxectos empresariais

O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González, acompañado polo secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais, Pablo Fernández, reuniuse co alcalde, José Ángel Santos, co obxectivo de avanzar na colaboración entre ambas as administracións para impulsar a creación de emprego. No encontro, analizaron, entre outros temas, o éxito do Polo de Emprendemento desta localidade lucense, inaugurado en setembro de 2023 e que xa atendeu máis de 200 proxectos. O Polo de Friol prestou preto de 650 titorías, das que o 63% se destinaron a mulleres emprendedoras. Ademais, organizáronse preto de 50 actividades, entre as que destacan reunións con entidades locais, formacións e eventos da Rede. Entre as iniciativas empresariais asesoradas destacan as relacionadas con actividades profesionais, científicas e técnicas (21%), seguidas pola hostalaría (12%) e a agricultura, gandería, silvicultura e pesca (9%). Na reunión tamén se puxo de relevo a importancia da formación para mellorar as oportunidades laborais da veciñanza de Friol. O municipio, xunto con Begonte e Rábade sacou adiante o obradoiro dual Cumes da Terra Chá VIII.

AXENDA DE ACTIVIDADES

CEA DE ENTROIDO. O 22 de febreiro, Condes celebrará a súa cea de entroido no local social. O evento comezará ás 21:30 horas e contará coa actuación musical do dúo Trasnós. O prezo por persoa será de 20 euros para socios e 23 euros para non socios. As persoas interesadas en asistir deberán anotarse antes

do 16 de febreiro. A organización do evento corre a cargo da Asociación Cultural Recreativa de San Martiño de Condes. **COCIDO.** A Asociación Cultural Festas Santa Isabel organiza unha gran Festa de Cocido de Entroido en Friol o luns 3 de marzo no Pavillón

de Deportes. O evento comezará ás 21:30 horas e incluírá unha actuación musical dende as 00:00 ata as 03:00 horas. O prezo é de 15 euros para socios e 23 euros para non socios. Ademais, as persoas que asistan disfrazadas poderán optar a premios, recoñecendo os mellores disfraces, comparsas e dúos.

SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA

NEUMÁTICA
HIDRÁULICA
TRANSMISIÓN
HERRAMIENTAS
ACEITES

TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO

CUCHILLAS
MUELLES
CORREAS
RODAMIENTOS

TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS

JOHN DEERE eni
CEPSA BCS
PETRONAS TIMKEN BZ bezares S.A.

TODAS LAS HERRAMIENTAS QUE NECESITAS

Milwaukee
Nothing but HEAVY DUTY.

RVS SESACAR

RECAMBIOS Y SUMINISTROS

Rúa do Freixo, P-53
Pol. Ind. Sete Pontes
27800 Vilalba - Lugo
Tel.: 982 831 105 / 609 392 656
recambios@sesacar.com



Comeza a reparación da ponte de Chao do Cobo

Deu comezo a reconstrución da ponte situada en Chao do Cobo, na estrada que conecta coa Igrexa de Labrada. A infraestrutura resultou gravemente afectada tras o paso da borrasca Herminia, o que obrigou ao corte total do tráfico na zona por razóns de seguridade.

Os equipos municipais xa están a traballar de forma intensiva para restablecer canto antes a seguridade e facilitar a circulación de vehículos.

Segundo o Concello, está previsto substituír o tubo danado por unha peza prefabricada de formigón en formato cadrado, garantindo así unha solución resistente e duradeira. O Concello agradeceu a paciencia da veciñanza durante as obras e pediu extremar a precaución a todos aqueles que transiten polas inmediacións da área afectada. Agárdase que os traballos avanza rapidamente para minimizar as molestias na zona.

Arranca a obra da residencia

O Concello de Abadín iniciou xa a construción da residencia de maiores, obra que foi adxudicada a Regenera Construcciones y Contratas 2022 por un importe total de 2.309.733,49 euros e un prazo de execución de 11 meses.

Esta residencia terá unha xestión que dependerá directamente do Concello. As obras consistirán na rehabilitación e ampliación do edificio do antigo do colexio infantil, actualmente en desuso, para convertelo nun centro residencial con 44 prazas repartidas entre 22 habitacións dobres.

Esta actuación desenvólvese no marco do Plan de investimentos de 18,5 millóns de euros co que o Goberno galego financia unha vintena de proxectos de construción, reforma ou ampliación de residencias, centros de día, vivendas comunitarias e



centros sociais de titularidade municipal. Un plan acordado coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

O Goberno autonómico achegará 1,2 millóns de euros mentres que a obra ten un orzamento de 2.358.742 euros. No caso de Abadín, financia a

máxima contía posible do total dos traballos.

Ademais de ampliar as dúas plantas do edificio actual, construírse un anexo coas mesmas alturas conectado a través de dous accesos coa construción principal. As zonas comúns situaranse na planta baixa.

O dúo folk galego Abril é a primeira confirmación do festival Rumboia Viva

A Asociación xuvenil A Rumboia, de Abadín, anunciou a celebración da terceira edición de Rumboia Viva, un festival cultural que terá lugar o próximo mes de xuño, na porta da Terra Chá. A data que avanza o colectivo é o 28 de xuño, un mes antes das dúas primeiras edicións, que foron a finais de xullo.

Tamén avanzou xa a primeira confirmación do festival, trátase de Abril, o dúo formado por Claudia Abril e Marina Carpena, que levarán a Gontán a tradición renovada e os sons de raíz.

O dúo folk galego lanzou a súa nova creación, Arredor da Mesa, unha

canción que homenaxea a amizade a través de sons que fusionan tradición e modernidade. O colectivo traballa no deseño do programa pero asegura que haberá novidades aínda que música, xogos e obradoiros volverán ser os grandes protagonistas.

“Vimos con máis alento que nunca e cunha imaxe que representa á perfección as ganas que temos desta terceira edición”, explican desde o colectivo. Presentan tamén unha nova imaxe, ideada por Nahum Martínez Blanco coa que representar “a celebración da amizade, da música e da cultura”.

Expogrelo e o Entroido terán lugar os días 1 e 2 de marzo en Gontán

O concello de Abadín acollerá o sábado 1 de marzo a XIX Expogrelo, a coñecida feira de exaltación do grelo, que terá lugar no Recinto Ferial de Gontán, como é costume. As edicións celebradas ata agora serviron para comprobar que a tradicional fama deste cultivo atopa boa saída nos compradores. A feira mostrará de novo a calidade e sabor do grelo que se produce nesta zona da Terra Chá e que conta con merecida fama. Segundo as previsións, uns 15 produtores sumaranse este ano á feira, na que se repartirán tres premios de 50, 30 e 20 euros para as cestas mellor decoradas. Ademais, é tradicional que todos os participantes reciban un incentivo.

O programa de actos seguirá a mesma liña que en edicións anteriores, ás 09.30 horas coa designación dos stands e a numeración das cestas. Ás

10.00 horas levarase a cabo a apertura da feira, ás 12.00 horas dará inicio a animación musical e ás 12.30 horas os presentes poderán degustar este delicioso alimento da cociña galega na carpa que o Concello porá no recinto feiral.

Ás 13.00 horas terá lugar a recepción de autoridades. Os actos finalizarán ás 14.00 horas co fallo do xurado e a entrega de premios.

Ademais, o Concello organiza para o domingo 2 de marzo o seu popular Entroido onde nenos e maiores poderán gozar a partir das 17.30 horas co tradicional desfile de disfraces que se levará a cabo no polideportivo, ao lado do centro médico.

O desfile estará dotado con grandes premios en metálico nas seguintes categorías: charangas, grupos e comparsas, parellas, individuais e comparsas mixtas. Haberá premios tanto

para adultos como para infantís.

A mellor charanga será premiada con 300 euros. Para os tres mellores grupos e comparsas os premios serán de 300, 250 e 200 euros, cun premio especial para unha local de 250 euros. En comparsas mixtas haberá 250, 200 e 150 euros en premios. En parellas, a contía será de 200, 150 e 100 euros con premio para unha local de 150 euros. En individual redúcense ata 150, 100 e 75 con 100 euros para o local.

Para os pequenos establécense tamén tres premios para grupos e comparsas, para parellas e para infantil, cunha distinción especial para un local en cada categoría. As recompensas oscilan entre 200, o primeiro de comparsas, ata os 50 euros que cobrará o terceiro individual.

A xornada finalizará cunha gran chocolatada con churros.



Queixas polo estado da vía LU-P-0101 ata Ferreira

Usuarios da estrada da Deputación LU-P-0101 que vai dende Gontán ata Ferreira, no Valadouro, quéixanse do mal estado do firme en varios tramos onde se aprecian importantes fochancas, “que causan un serio perigo para os usuarios da mesma e os seus vehículos”, din, e “súmase o pésimo estado mantemento”.



XIX Expogrelo Abadín

SÁBADO
1
Marzo

*Domingo día 2
ANTROIDO ABADÍN 2025
Gran desfile de disfraces.*

PROGRAMACIÓN

- **9:30H**
ASIGNACIÓN DE STANDS E NUMERACIÓN DAS CESTAS DE GRELOS
- **10:00H**
APERTURA DO RECINTO FEIRAL
- **12:00H**
ANIMACIÓN MUSICAL
- **12:30H**
DEGUSTACIÓN DO GRELO
- **13:00H**
RECEPCIÓN DE AUTORIDADES
- **14:00H**
CUALIFICACIÓN DAS CESTAS
E ENTREGA DE PREMIOS



Concello de
Abadín



a pastoriza

Escollidos os gañadores do concurso de poesía e tarxetas de Nadal

O xurado do XXI Concurso de Poesía e Tarxetas de Nadal, organizado pola Biblioteca Municipal da Pastoriza escolleu os seus gañadores. Na modalidade de tarxetas de Nadal, os premios foron para Ainé Álvarez Loido, Antía Iglesias Gacio, Isabel Sixto Barcia e Amira Ahdour na categoría A. Hugo Martínez Martínez, Mía Vázquez Goyos e Coral García Rancaño gañaron na B; e Cristian Folgueira Pasín, Xiana Martínez Martínez e Lucas Saavedra López foron os vencedores na categoría C. Na modalidade de poesía, o 1º premio da categoría B foi para Sergio Rodríguez Valle. O xurado estivo composto por Constantino Fernández Leira (director do CEIP O Salvador), Noelia Fraga González (mestra do CEIP de Bretoña), María López Prado (auxi-



liar de biblioteca) e Digna Iglesias Aguiar (bibliotecaria e secretaria do xurado). Valorou a orixinalidade e sensibilidade artística dos traballos. Desde o Concello da Pastoriza felicitouse a todos os premiados e animouse á mocidade a seguir participando nas futuras edicións do certame.

AXENDA DE ACTIVIDADES

CEA BAILE. A Comisión de Festas de Bretoña 2025 organiza unha cea baile” o vindeiro 28 de febreiro no Teleclub de Bretoña, a partir das 21:30 horas. O menú inclúe sopa de cocido, cocido completo, sobremesa, café e licores, acompañado de viño tinto Rioja Crianza, viño branco Albariño D.O., auga, cervexa e refrescos. A cea será servida polo catering Chao da Brea de Mondoñedo. O prezo por persoa é de 30 euros, mentres que para nenos de 6 a 10 anos será de 15 euros, e os menores de 5 anos poderán asistir de balde. As reservas poden realizarse ata o 24 de febreiro.

EXPOSICIÓN. A Pastoriza acolle a exposición Nostalgia, unha mostra de fotografías e vídeos de J. de la Comba, que estará aberta ao público no Centro de Interpretación



do Alto Miño, en Fonmiñá, ata o 28 de febreiro. A exposición invita a reflexionar sobre o impacto da desaparición de especies e a urxencia de protexer o noso medio natural. A través das imaxes, os visitantes poderán explorar o vínculo entre a memoria, a natureza e os retos ambientais que afrontamos como sociedade. O horario será de martes a sábado, de 10:00 a 14:00 horas.

Román Rodríguez visita o novo Centro de Música da Terra Chá

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, Román Rodríguez, destacou o éxito da unión de forzas entre Xunta e concellos para crear o Centro Autorizado de Música Profesional Terra Chá. Fíxoo nunha visita ao centro, que se sitúa nas antigas instalacións do Colexio de Baamonde, na que estivo acompañado polo delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, e pola directora xeral de FP, Eugenia Pérez. O titular do departamento educativo do Goberno galego salientou que a autorización deste centro “supuxo a primeira oportunidade para que moitos afeccionados e rapaces poidan continuar os seus estudos de música nas ensinanzas regradas no seu concello”. “Esta decisión amplía a oferta educativa destes concellos e dos próximos, ao tempo que se garante a continuidade das ensinanzas xa existentes no CEIP Plurilingüe Virxe do Corpiño”, afirmou.



Para iso aproveitáronse as instalacións do antigo Colexio de Baamonde e sumáronse as forzas da Axencia Turismo de Galicia e das antigas consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e de Cultura, Educación e Universidade) e do Concello de Begonte para habilitar as novas instalacións, cun investimento total de máis de 1 millón de euros. O Centro Autorizado de Música Pro-

fesional Terra Chá xurdiu da vontade das Escolas Mancomunadas de Música de Rábade, Begonte, Outeiro de Rei e Friol de dar unha opción aos seus usuarios de seguir avanzando na súa formación, que corre a cargo da Asociación Músico Crisanto. Neste momento imparte as Ensinanzas Profesionais, cunha duración de seis cursos, nas especialidades de Piano, Saxofón, Trombón e Frauta travesa..

Destacan a Aula da Natureza como un espazo que pon en valor o patrimonio etnográfico

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, e a directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Paz Rodríguez, visitou as instalacións da Aula da Natureza e Centro de Interpretación do concello, que se está a consolidar como un “espazo ideal” no que poñer en valor o medio natural, cultural, patrimonial e etnográfico. Nesta visita puideron coñecer de primeira man este proxecto, impulsado polo Grupo de Desenvolvemento Rural Terra Chá, que opera nesta contorna, e que conta cun investimento de algo máis de 50.000 euros procedente da medida Leader. A través deste orzamento

puido levarse a cabo unha reforma integral da edificación anexa á escola de Begonte na que se localiza a Aula da Natureza. A conselleira salientou que se trata dunha iniciativa de especial interese, xa que se atopa moi preto da reserva da biosfera Terras do Miño e do espazo natural LIC Parga-Ladra-Támega. Neste sentido, o proxecto encaixa nos obxectivos marcados polo programa Leader, que procuran impulsar o desenvolvemento rural a través dunha estratexia participativa, baseada nun enfoque de abaixo arriba, garantindo a participación activa dos principais axentes locais nestas políticas.

EN BREVE

INVENTARIO DE CAMIÑOS. O 21 de xaneiro de 2025 foi publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) a aprobación inicial do inventario de vías e camiños municipais. A partir desa data, quedou aberto un período para a presentación de alegacións, que remata o 18 de febreiro.

RELAXACIÓN. O luns 24 de febreiro terá lugar un curso gratuíto sobre educación emocional e técnicas de relaxación. A actividade, dirixida á poboación en xeral, desenvolverase na Casa da Cultura de Begonte en horario de 16:30 a 20:30 horas. O curso ten como obxectivo ensinar ás persoas participantes a xestionar as súas emocións, manexar o estrés e a ansiedade e adaptarse a situacións de cambio ou transicións vitais como enfermidades ou procesos de dó. As persoas interesadas poden inscribirse ata o martes, 18 de febreiro.









RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus

POR CADA 10€ DE COMPRA TE DESCANTAMOS 1€ EN TU SIGUIENTE COMPRA



Clausúrase a 53ª edición do belén logo de 40.000 visitas

A 53ª edición do belén de Begonte chegou ao seu fin con gran éxito de público e a entrega dos premios dos tradicionais concursos de poesía, xornalismo, debuxo infantil e pintura, que cada ano se organizan arredor deste destacado evento.

O belén, que foi declarado de Interese Turístico de Galicia, estivo aberto ao público no centro cultural José Domínguez Guizán desde o 30 de novembro e conseguiu bater un novo récord de visitas, superando as 40.000 persoas.

Este ano, o belén presentou como novidade a incorporación de figuras procedentes do belén que o sacerdote Edelmiro Ulloa instalaba no antigo Hospital Xeral, e que foron doadas a Begonte polo seu sobriño, o escritor Xosé Carlos Ulloa. Na clausura do evento, o delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, destacou o “excelente traballo” dos organizadores para manter unha tradición que “confirma o seu enorme poder de atracción ano tras ano”.

Arias subliñou que o belén de Begonte é un “orgullo” para a localida-

de e para a provincia, un evento que, ademais de reflectir as tradicións galegas, non deixa de innovar e pasou de xeración en xeración ata converterse nun símbolo do municipio e nun referente do Nadal galego.

A xornada de clausura contou tamén cunha actuación musical do coro da asociación Músico Crisanto e coa entrega da distinción de socio de honra do belén a José Carlos Ulloa.

A mesma distinción será entregada ao conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Román Rodríguez, quen foi o último pregoeiro do nacemento e que non puido acudir a recoller o galardón.

A directiva do belén de Begonte amosou a súa satisfacción polo elevado número de visitantes nesta edición, superando de novo os 40.000 visitantes presenciais. A asistencia destacou especialmente durante as fins de semana previas ás festas, con xornadas que acadaron máis de dúas mil persoas ao día, a pesar de que o temporal da última fin de semana reduciu as expectativas.

Ademais das visitas físicas, o belén rexistrou 5.803 visitas virtuais a través da súa web, cunha maioría que escolleu a versión en castelán (3.054), seguida do galego (2.577) e do inglés (172). Durante 2024, a web do belén alcanzou un total de 34.234 visitas, das cales 12.283 tiveron lugar no último trimestre.

O impacto do belén transcendeu as cifras de visitantes, con 97 informacións recollidas en medios de comunicación, incluíndo prensa, radio, televisión e internet. A difusión e recoñecemento destas actividades consolidan a relevancia do belén de Begonte como un dos grandes atractivos culturais e turísticos do Nadal en Galicia.

A xornada aproveitouse para repartir os premios dos distintos certames convocados. Na categoría de poesía, o último que se fallou, o premio foi para José Torres Piñeiro (José da Cruz Nova), begontés residente na cidade de Lugo. O segundo foi para Rafa Villar, de Cee. Ademais, se concedeu unha mención de honra a Manuel López Rodríguez, de Noia.



Comezan as obras do local social de Santalla

Comezaron os traballos de construción dun local social na parroquia de Santalla, que está a ser executado a través do obradoiro de emprego Cumes da Terra Chá VIII, compartido cos concellos de Rábade e Friol a través da especialidade de Operacións Auxiliares de Fábricas e Cubertas. Dito local sitúase ó carón do campo onde se celebran as festas patronais. Terá unha superficie de 120 m2 e na súa construción empréganse elementos tradicionais e sostibles como

a madeira.

A actuación ten un orzamento de 125.000 euros que serán asumidos na súa totalidade polo Concello con fondos propios. O alcalde manifestou que “esta actuación ademais de ser unha necesidade e un compromiso asumido cos veciños de Santalla, pode acometela o Concello grazas a boa xestión económica do equipo de Goberno nos últimos anos o cal nos permite ter capacidade de investimento”.

Arranca na vila o servizo de ludoteca gratuíta

O Concello de Begonte puxo en marcha o pasado mes de xullo un servizo de ludoteca gratuíta no marco do Plan Corresponsables, consolidando así o seu compromiso coa conciliación familiar. Este servizo, pensado para nenos e nenas de entre 3 e 16 anos, está dispoñible tanto durante o período escolar como nas vacacións, converténdose nun recurso clave para moitas familias.

A ludoteca ofrece un amplo abano

de actividades que inclúen xogos, obradoiros e reforzo educativo, proporcionando un espazo seguro e enriquecedor para os máis pequenos. Durante as recentes vacacións de Nadal, os participantes gozaron dunha gran variedade de talleres de decoración, unha proposta que combinou creatividade e diversión.

As familias interesadas en inscribir aos seus fillos poden facelo directamente nas oficinas do Concello.

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!
OCIO EN GALICIA
www.ocioengalicia.com

O PP logra o apoio unánime do Pleno para retirar a proposta do novo mapa de transporte

Os concelleiros do PP de Guitiriz acadaron a unanimidade do pleno para reclamar ao Goberno do Estado que dea marcha atrás coa proposta do mapa concesional do transporte que hai sobre a mesa xa que “é moi prexudicial para numerosos concellos rurais, entre eles Guitiriz”.

O voceiro popular, José Manuel López, agradece a sensibilidade amosada polo resto de grupos da corporación xa que “en eidos como este non se trata de defender unha siglas ou unhas cores políticas, se-

nón que temos que estar todos unidos para defender os intereses de todos os veciños de Guitiriz”.

“De seguir adiante coa súa proposta, o que fará o Goberno do Estado é eliminar a conexión de Guitiriz coa Meseta e coa Cordilleira cantábrica, illando a toda a veciñanza”, explican.

A proposta aprobada contempla a petición ao Goberno central de realizar unha nova proposta de mapa, así como manter as paradas que hai en Guitiriz ata acadar o consenso nesa nova proposta.

O Parga Rock celebrarase este ano os días 5 e 6 de setembro

O festival Parga Rock volve á carga este 2025 cunha primeira cita musical que promete ser todo un éxito. O evento celebrarase o sábado 22 de marzo no Iberik Gran Balneario de Guitiriz, grazas á colaboración co propio balneario, un dos patrocinadores privados do festival.

Nesta ocasión, os asistentes poderán gozar dunha sesión vermú con concerto e gastronomía, nunha localización privilexiada como é a Casa Club do hotel. O ambiente será, como sempre, espléndido e cargado de rock, nunha xornada que tamén servirá para recadar fondos de cara

á organización da edición 2025 do festival.

Os prezos das entradas son de 25€ para adultos, incluíndo entrada, comida e consumición, e 15€ para o menú infantil. O menú contará con pratos como empanada, paella e sobremesa, e a música correrá a cargo de Carta de Ajuste e DJ Coutinho.

As entradas estarán dispoñibles nos puntos de venda habituais, no propio balneario e, como novidade, tamén online. O Parga Rock, que será os días 5 e 6 de setembro promete moitas sorpresas este ano, e esta sesión vermú será só o comezo.

Preocupación pola implantación do parque eólico de Satrebares

O Concello de Guitiriz celebrou unha reunión para informar á veciñanza sobre o parque eólico Satrebares. No encontro informativo, organizado na Casa Habanera, o Concello puxo á disposición da veciñanza os servizos dunha consultoría especializada, que informou aos asistentes sobre as afeccións a particulares provocadas por este proxecto, ademais de ofrecer asesoramento aos veciños e veciñas para formular as diferentes alegacións.

A charla foi moi positiva para aclarar dúbidas e tivo unha boa acollida por parte da veciñanza, que puido informarse sobre como pode afectar o parque eólico Satrebares ás parroquias de Labrada, Buriz, Os Vilares, Santa Mariña e San Xoán de Lagostelle.

Nas próximas semanas celebrarase unha nova reunión para explicar os resultados á veciñanza. Ademais, habilitarase un punto de información no Concello onde os veciños e veciñas poderán incorporar outros elementos afectados como traídas de auga ou compoñentes patrimoniais.

BNG. O BNG organizou outra charla para dar a coñecer á veciñanza dos



Vilares e Labrada o proxecto do parque eólico Satrebares, charla na que participou Xosé Manuel Golpe deputado do BNG no Parlamento Galego e consultor enerxético, xunto con Afonso Losada concelleiro do BNG.

Os poñentes ademais de expoñer a postura do BNG en canto á instalación do parque eólico nestas parroquias, tamén fixeron un desglose dos impactos dos aeroxeradores, con máis de 200 metros de altura, a nivel ambiental, patrimonial e social. En canto as afectacións ambientais destacaron especies tanto de fauna como de flora que son autóctonas

da zona e que xa están en perigo de extinción. Algo que tamén preocupa moito á veciñanza destas parroquias son as afectacións que este parque vai ter sobre os acuíferos, pois nesa serra existen multitude de fontes e regatos que serven como fonte de auga para abastecer estas parroquias. Así mesmo tamén se destacou o efecto negativo sobre elementos patrimoniais (mámoas).

Despois da charla, deuse un intenso debate, recolléndose as inquedanzas da veciñanza e animando a unirse e traballar de forma conxunta para seguir informando sobre este parque.

Comeza a sétima edición de BTTeando por Guitiriz

O Concello e Club Btteiros Cova da Serpe, anunciou a sétima edición do programa BTTeando por Guitiriz, que este ano contará con sete saídas en total. A actividade, que se está a asentir nos últimos anos con moito éxito entre a veciñanza, consiste na realización dunha serie de rutas en bicicleta polos sitios máis característicos do municipio, ademais doutros percorridos por diferentes vilas.

O programa dará comezo o domingo 9 de febreiro coa Ruta da Ruxida, con saída programada ás 10:00 horas desde o Campo da Feira de Guitiriz, mesmo punto onde será a chegada. Como sempre, esta ruta está aberta ao público en xeral, pero os menores de idade deben ir acompañados dunha persoa responsable adulta. É obrigatorio levar casco, así como

aconsellable equiparse cunha peza de froita e levar auga. Para participar hai que anotarse previamente no Concello ou a través das redes sociais do Club Btteiros Cova da Serpe. As inscricións estarán abertas ata o xoves anterior a cada saída.

Ademais desta ruta, o programa recolle este ano outras seis diferentes, sendo as seguintes a Ruta Á Cova da Serpe (16 de marzo), a Ruta e Feira en Parga (13 de abril), A Chave de Bascuas (11 de maio), O Lado Escuro (12 de outubro), a Ruta Gravel Guitiriz (16 de novembro) e a Ruta de Nadal (14 de decembro). Sempre pode haber algún cambio nas datas debido ás inclemencias meteorolóxicas ou a outra causa xustificada, ante calquera dos casos avisarase coa maior antelación posible.

EN BREVE

CENA DE MULLERES. O sábado 15 de marzo celebrarase a Cea das Mulleres dos Vilares, unha velada pensada para gozar dun ambiente festivo e de convivencia entre as mulleres da zona. O evento terá lugar ás 21:30 horas no Restaurante La Casilla, cun menú especial e a actuación musical do dúo Venus. Aquelas que desexen participar poderán facelo por un prezo de 35 euros.

EXCURSIÓN. Do 9 ao 13 de marzo, o Concello organiza unha viaxe ao Valle do Jerte e outras zonas de Estremadura. O prazo de inscrición estará dispoñible ata o luns 17 de febreiro. As prazas son limitadas e darase preferencia ás persoas empadroadas no concello. O itinerario inclúe visitas ao Valle do Jerte, Guadalupe e o seu mosteiro, Cáceres, Trujillo, Monfragüe, Plasencia, La Vera e Garganta la Olla.

COMERCIO



O Concello de Guitiriz fixo entrega do vale de 500 euros da Campaña de Nadal do Comercio local, o premio máis importante desta iniciativa. A alcaldesa do municipio, Marisol Morandeira, foi a encargada de facer a entrega do vale a Julia, a muller gañadora, na Casa do Concello. Posteriormente, esta foi a investir o valor do premio.



gato con botas

zapatería

C/ Plácida Peña, 8 - Baño
27800 Vilalba (Lugo)
Telf. 982516550

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformaciones agrarias
Desbroces y plantaciones de montes
Servicio de podas



San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES

SEOANE



Sacan a concurso os dereitos caducados de minas en Ourol e Muras

A Xunta anunciou a apertura dun concurso público para adxudicar dereitos mineiros caducados na provincia de Lugo, destacando especialmente os do concello de Ourol como epicentro desta iniciativa.

Ourol, situado na comarca da Mariña, conta con 51 dereitos mineiros, o que o converte no municipio con maior número de concesións deste tipo en toda Galicia. Entre estas, 13 explotacións están localizadas no seu territorio, das cales 7 son compartidas co concello de Muras.

O concurso público permitirá que as empresas interesadas presenten proxectos para a explotación destas concesións, reactivando así o aproveitamento de recursos minerais na zona. Entre os materiais que poden ser extraídos nas

minas de Ourol destacan o feldespato, o caolín, o cuarzo, a lousa industrial e ornamental, o ferro e a mica. Estes recursos son de gran valor tanto para a industria como para a construción, ofrecendo unha oportunidade para dinamizar a economía local.

Con esta convocatoria, a Xunta de Galicia busca fomentar o desenvolvemento sostible da minería na comunidade, revalorizando os recursos naturais e potenciando a economía en zonas rurais.

As empresas interesadas deben presentar as súas solicitudes seguindo as bases detalladas nos anexos da orde. Constituírase unha mesa para a apertura e verificación das ofertas, e establecerase unha orde de prelación baseada nos criterios de selección especificados.

Substituirán no concello 74 muíños eólicos por 11 de nova xeración

O sector eólico galego prepárase para repotenciar nove parques eólicos que alcanzaron o final da súa vida útil. Así o anunciou o presidente da Xunta, Alfonso Rueda. Con esta acción, os actuais 361 aerogeneradores instalados nestas explotacións quedarán reducidos a 75, sen que iso supoña unha perda na produción enerxética.

Segundo explicou Rueda, a xeración destas instalacións aumentará nun 35% grazas ás posibilidades técnicas que ofrecen os novos aerogeneradores, máis avanzados e eficientes que os modelos antigos.

Dos nove proxectos de repotenciación, todos contan xa coa declaración de impacto ambiental favorable, e catro deles foron autorizados. A Xunta prevé que as actuacións nestes parques comencen "de inme-

diato". Os outros cinco proxectos están pendentes de completar algúns trámites administrativos.

Entre as instalacións que serán repotenciadas destaca a de Muras, onde as actuais 74 turbinas (47,3 MW) serán substituídas por 11. Tamén haberá cambios no parque Castelo, situado en Coristanco e Tordoia, que reducirá os seus muíños de 25 a 3, mantendo unha potencia de 16,5 MW. No parque Coriscada, en Ortigueira e Mañón, a cifra de aerogeneradores pasará de 40 a 4 para unha potencia de 24 MW. En Monte Redondo, en Vimianzo, reduciranse os muíños de 66 a 12, mantendo unha potencia de 49,5 MW. En o parque Novo, situado en Valdoviño e Narón, evolucionará de 25 a 6 aerogeneradores, cunha potencia de 18,75 MW.



As quedadas laneiras das Pontes chegan ata Muras o domingo 9

Puntadas Con Agarimo organiza unha nova quedada laneira e na que é a súa undécima edición desprázase ata Muras.

Esta será este domingo 9 de febreiro, ás 16.00 horas, na Casa do Médico. Ademais de tecer, calceta e gancho, as participantes poderán compartir experiencias e técnicas ata as 19.00 horas.

As persoas que desexen anotarse ou informarse poden facelo no 658 961 505 (Vero).

Unha sentenza obriga á Xunta a pagar unha axuda polo arranxo dun camiño

O Concello vén de recibir a sentenza que obriga á Xunta, concretamente á Consellería de Medio Rural, a ingresar parte dunha axuda do Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023. O concello solicitou en base a ese plan unha axuda de 67.269 euros para executar obras no camiño desde o Campo da Cruz ata Abidueira. A entidade pública concedeu a axuda rebaxando ata 59.712 euros

alegando que unha parte da obra de refería a unha actuación pola que xa recibira axuda polo que descontou os 7.556 euros correspondentes.

Ante esta situación reclamou o Goberno local alegando que as intervencións se realizaron en tramos diferentes do mesmo camiño e que se levou a cabo tamén a limpeza das cunetas, un traballo que non se fixera con anterioridade.

No fallo do proceso contencioso ad-


ministrativo recoñécense as demandas do Concello de Muras e obriga á Xunta a facer o pago desa diferenza de máis de 7.500 euros.

O alcalde de Muras, Manuel Requeijo, valorou moi positivamente esta sentenza e acusou á Xunta de "discriminar" aos concellos pola súa cor política. Afirmou que o Goberno galego realiza convenios con concellos "da súa corda" e fan investimentos que lle corresponderían a Muras.

PURAGA



A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, acompañada polo director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, José Balseiros, mantivo unha xuntanza con representantes da Asociación de Criadores de Cabalos de Pura Raza Galega (Puraga) para afondar na cooperación a prol desta especie autóctona.



Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO)
Telf: 982 511 200
SISTALLO - COSPEITO
Telf: 982 520 133

Visita nuestra nueva tienda online:
www.construfervilalba.com



Rúa Campo de Punte 65 baixo
VILALBA
T: 982 523 499 / 623 552 876
ebosobradoirodoce@gmail.com
Facebook: EBOS Obreiroiro Doce

xermade

O PP esixe explicacións sobre as variacións nas obras das beirarrúas

Os concelleiros do PP de Xermade advirten do cambio de materiais nas obras de reposición das beirarrúas no núcleo do Pedreiro con respecto ao proxectado e piden explicacións ao goberno municipal socialista. O portavoz, Antonio Riveira, explica que “no proxecto di claramente que o acabado debe ser de formigón coloreado antiescorregadizo e fratasado, mentres que o que podemos ver na parte que aparentemente está finalizada é un remate de formigón sen colorear e con acabado liso. Esa variación de materiais supón unha rebaixa no prezo da obra, pero tamén unha diminución das condicións de seguridade para os peóns”. Os populares piden explicacións ao alcalde polas deficiencias na execución do proxecto e que aclare “a que ten pensado dirixir a parte que aforra na obra por non aplicar o acabado proxectado”. Así mesmo, engaden que “as obras da outra fase foron licitadas en datas similares”; pero “aínda non comezaron”. Tamén advirten que “na zona de acceso á igrexa parroquial de Santa María se bota en falta un rebaixe para cadeiras de rodas ou carriños”.

Xa foron instaladas na nave municipal as placas solares do CEL Rural



A finais de decembro executouse na nave municipal de Xermade a instalación fotovoltaica que a Fegamp cedeu á comunidade enerxética XERando, no marco do proxecto CEL Rural cofinanciado pola Unión Europea a través do Programa Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027. A empresa adxudicataria do contrato licitado pola Fegamp foi Cobra, que solicitou unha bonificación do 95% do Imposto sobre Instalacións, Construcións e

Obras, consonte ao regulado na Ordenanza fiscal municipal, que na súa última modificación (en vigor dende setembro de 2023) recolle esta bonificación a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo. O Pleno municipal, na sesión ordinaria celebrada o 16 de xaneiro de 2025, concedeu a bonificación solicitada, por unanimidade.



Adxudicadas as obras da rede de sumidoiros do barrio do Curro

O Concello adxudicou as obras de construción dunha rede de saneamento para as vivendas do barrio do Curro, en Castro Ribeiras de Lea. A adxudicataria das obras é Hermanos Blanco Trigo, que contará cun orzamento de 64.330 euros e que ten como obxectivo dotar dunha rede de sumidoiro que permita dar servizo ás vivendas existentes no barrio do Curro, porque a zona carece de servizo básico de sumidoiro para conexión dos vertidos das augas residuais urbanas que se xeran nas vivendas, e dos medios necesarios para o seu correcto tratamento e depuración previos ao vertido ao medio recep-

tor en condicións e parámetros hoxe considerados normais. A obra abonarase con cargo á aplicación orzamentaria enriba indicada do presuposto municipal do 2024. Finánciase mediante subvención concedida pola Deputación Provincial de Lugo a través do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2024, cunha aportación incluídos honorarios de 64.352,94 euros mentres que o concello pon 8.000 euros. A empresa adxudicataria contará un prazo dun mes para iniciar os traballos coa acta de replanteo e despois serán dous meses máis para a execución da obra.

AXENDA DE ACTIVIDADES

RELAXACIÓN. O Concello de Xermade organiza unha xornada formativa sobre Técnicas de Relaxación e Manexo do Estrés, que terá lugar o próximo martes 11 de febreiro, na Biblioteca. A actividade desenvolverase en horario de 16:30 a 19:30 e está dirixida a todas aquelas persoas interesadas en aprender ferramentas útiles para xestionar o estrés e mellorar o seu benestar emocional. A inscrición está aberta e pode realizarse a través dos Servizos Sociais do Concello ou enviando un correo electrónico a afalu@afalu.org.

lu.org. Tamén está dispoñible o número de teléfono 607 843 384 para máis información. A iniciativa conta co apoio do Concello e outras entidades, como Acis e Afulu.

CABREIROS. A Asociación de Veciños de Cabreiros organizará unha gran festa para celebrar o Entroido o sábado 22 de febreiro, na Casa Escola do Chao. O evento contará cun completo menú típico destas datas e unha actuación musical en directo para animar a xornada. O programa inclúe sopa de cocido e un cocido

completo composto por lacón, cacheira, botelo, chourizos, grelos, garavanzos, cachelos e freixós da pedra, entre outros. O menú completárase con sobremesa, café e gotas. Os prezos serán de 28 euros para socios e 35 euros para non socios. A festa estará amenizada pola actuación musical de Javi Show, garantindo diversión para todos os asistentes. As persoas interesadas en participar deberán adquirir os seus tickets antes do 16 de febreiro, podendo facelo a través de calquera membro da directiva da asociación.

O PSOE acusa ao Concello de falta de previsión na xestión

O grupo municipal socialista de Castro de Rei denuncia “dous feitos gravísimos” que poñen de manifesto a falta de previsión e xestión do Alcalde. A súa voceira, Alba Sinde, considera “intolerable que non se dotara a tempo de gas a gardería municipal e que non se solucionara a falta de auga quente no centro de saúde”. Os socialistas explican que a gardería municipal viuse afectada pola falta de calefacción debido a un atraso na subministración do gas. Esta situa-

ción deixou aos nenos e nenas do centro sen a temperatura adecuada en pleno mes de xaneiro, un feito inaceptable que pon en risco o seu benestar e saúde. “Estamos falando de bebés moi pequenos, que precisan de calefacción, non pode chegar un día que por falta de gas non haxa calefacción, é algo que non pode acontecer”, afirma. Desde PSOE esixen que o goberno municipal adopte medidas inmediatas para solucionar estas deficiencias.

TAHONA CURRÁS

SAN ROQUE 3. TEL. 982510062

NOVO CAZÓN 12. TEL. 620417383

ATABERNA

T: 982 510 061

facebook/ataberna.vilalba

info@atabernavilalba.com

www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS NUESTRA CARTA

OLVIDATE DE TODO Y SABOREA RACIONES

REVUELTOS DE BAPIL ALCO PICAR

HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERDAD ENSALADAS

PASTAS CON SALSAS RAPADAS RAXO PATATAS

ALCO PARA COMPARTIR TAPAS

SABOREAR TORTILLAS

castro de rei



Val de Francos celebrará o Antroido o día 4 de marzo

A comisión de festas do Antroido Val de Francos adiantou unha parte do cartel das festas deste de este ano, mentres non se presenta o cartel oficial desta cita ancestral na que participan as parroquias de Ansemar Balmonte e Goberno, en Castro de Rei. Será como todos os anos no Campo do Carril o martes 4 de marzo a partir das 17.00 horas, cando os Valuros abran coa súa actuación o programa. Tamén estarán as orquestras Gran Parada e Grupo D’Cano

A comisión avanzou que queimarase de novo o Antroido que non faltarán

os actos tradicionais do programa como a chegada do Antroido ao Campo de Carril, a lectura do pregon, a sesión pirotécnica e sorteo de agasallos. Pero tamén anunciaron que haberá máis pirotecnia e máis actividades para os máis pequenos. Ademais, desde o concello se preparan actividades para facer coincidir con estas festas e tamén, unha semana despois estase a traballar para facer o tradicional concurso de disfraces en Castro Ribeiras de Lea, pero esta actividade non está aínda confirmada.

Denuncian a retirada das enfermeiras de noite na residencia de maiores

A ASGAdeD (Asociación Galega pola Defensa do Sistema Público de Atención á Dependencia e Discapacidade) denunciou que a dirección da residencia de Castro Ribeiras de Lea, un centro de titularidade pública mais de xestión privada pola empresa SK Senior, con 172 prazas para persoas dependentes, decidiu “unilateralmente” suprimir o persoal de enfermería na quenda de noite, “ficando só o persoal xerocultor” nesa quenda.

Este colectivo xa denunciara hai unhas semanas que a Consellería de Política Social publicou no DOG do venres 13 de decembro a Orde do 4 de decembro de 2024, que modifica a Orde do 18 de abril de 1996 e que suprime a obriga de ter enfermeira 24 horas para residencias de máis de 40 prazas (5 enfermeiras contratadas como mínimo). “Un feito gravísimo con consecuencias directas para a saúde das usuarias

de residencias que incluso pode comprometer as posibilidades de supervivencia nos casos de urxencias vitais que precisen coidados especializados”.

Como explica o colectivo, si se produce unha urxencia nesa quenda, serán as xerocultoras as responsables da primeira atención, decidir as derivacións hospitalarias, chamar ó 061, etc., “polo que mentres fan esas funcións para as que non teñen a formación específica, quedan as demais usuarias sen atender, retrasando o traballo nocturno habitual (cambios de cueiros, inxesta de suplementos, rondas, etc.). Non queremos pensar no que pasaría si se producen varias urxencias na mesma quenda”.

Engade este colectivo que outra consecuencia será que non se van cubrir as vacacións, IT, permisos por garda legal e calquera outra circunstancia das enfermeiras.

Convocan un curso sobre prevención e uso de antibióticos

O Concello de Castro de Rei, en colaboración coa Asociación Veciñal de San Martiño de Goberno, organiza o próximo 24 de febreiro un curso gratuito sobre prevención de infeccións e uso de antibióticos.

A actividade terá lugar na Escola Antiga de San Martiño de Goberno en horario de 17:00 a 20:00 e está dirixida a todas aquelas persoas interesadas en ampliar os seus coñecementos sobre enfermidades infecciosas e o uso responsable dos antibióticos. Este curso ten como obxectivo ensinar aos asistentes a diferenciar entre infeccións víricas e bacterianas, coñecer os mecanismos de transmisión das enfermidades, identificar os principais grupos de risco e aplicar consellos prácticos para evitar enfermidades infecciosas.

Entre os temas que se tratarán inclúense as diferenzas entre virus, bacterias, fungos e parasitos, así como consellos de prevención como a correcta hixiene das mans e o uso axeitado dos antibióticos. As inscricións poden realizarse a través dun formulario en liña.

Mellora a traída de auga e xa se empeza a consumir

O alcalde de Castro de Rei, Francisco Balado, avanzou que xa remitiu a situación que se viviu co servizo de auga da traída, cando as inundacións afectaron as instalacións de bombeo, polo que a auga da traída presentaba unha elevada turbidez e non era apta para o consumo directo.

Esta situación foi consecuencia da borrasca Herminia, que provocou o desbordamento dos ríos Azumara e Miño. “A auga xa leva perdida moita turbidez e xa se está usando para o consumo”, explicou o alcalde, que tamén indicou que o asolagamento está baixando e iso repercute na

calidade da auga. Co obxectivo de garantir o acceso á auga potable, o Concello activou un servizo de subministración alternativa dirixido aos fogares que dependen exclusivamente da traída, especialmente nas zonas urbanas do municipio.

O BNG cualificou de “grave situación” que afectou ao servizo de abastecemento. “As bombas de captación de auga estaban completamente inundadas, o que non só interrompía o subministro, senón que facía que a pouca auga que chega ás vivendas non fora apta para o uso, nin sequera para a ducha”, dixo.

IES TERRA CHÁ



O Centro de Coordinación Central (CCC) de Defensa contra os Incendios Forestais, situado en Santiago de Compostela, recibiu a visita dos alumnos do ciclo de grao superior de Xestión Forestal e do Medio Natural do IES Terra Chá, en Castro de Rei. O alumnado foi benvido polo director xeral de Defensa do Monte, Manuel Rodríguez. Ademais, o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, recibiu a un grupo de alumnos e alumnas do instituto que coñeceu a Produtora do Servizo de Audiovisuais da Deputación de Lugo.

Organizan en Ponte de Outeiro un campionato de tute

O Teleclub de Ponte de Outeiro acollerá un campionato de tute o sábado 22 de febreiro a partir das 19:00 horas, cunha participación máxima de 32 parellas e importantes premios para os gañadores.

Os premios xerais serán de 700, 350, 200 e 120 puntos para os catro primeiros postos, mentres que os premios de repesca inclúen 300, 140, 100 e 80 puntos.

A inscrición, que inclúe cea, ten un custo de 90 puntos, e o evento está organizado pola Asociación Cultural Veciñal Virxe da Porteira. Para realizar reservas, pódese chamar ao teléfono 639 950 729.



O BNG de Outeiro de Rei pediu 7 veces ter acceso aos expedientes para comprobar o estado da Porta Medieval e da Fonte da Praza. Por que o Sr. Alcalde impide este acceso? Será que xa están deterioradas? Será que se perderon?

www.lugocentrobng.gal
bng@outeiro.gal
bngouteiro
bng.outeiro

“Grupo Municipal do BNG Outeiro de Rei

bng

pol

Leña Verde encargase un ano máis do Entroido

A asociación Leña Verde de Pol organizará a tradicional festa do Entroido para o martes 13 de febreiro. A xornada terá actividades para público infantil e adulto e comezarán pola tarde coa apertura da inscrición para o desfile de disfraces, con categorías individual e de parellas no local social de Leña Verde, que, como no resto de edicións, non terá fins competitivos e todos os participantes recibirán un obsequio. Para a xente miúda haberá unha actuación de Pakolas, e a media

tarde está prevista tamén a actuación do grupo organizador no centro de atención ás persoas maiores da localidade. Para o disfrute do público adulto farase a tradicional ruta ao son dos cantos de taberna, que levaraos ata os bares e tabernas do termo municipal co acompañamento de dous grupos convidados, ademais do anfitrión. A organización, que aínda está confeccionado o programa non descarta que podan ter algunha sorpresa.

LOITA CONTRA O FEÍSMO



A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático abre o este luns, 20 de xaneiro, o prazo para que particulares e concellos soliciten as axudas destinadas á corrección de impactos paisaxísticos. O delegado territorial da Xunta, Javier Arias, comprobou en Pol unha das actuacións de iniciativa privada executadas con cargo á convocatoria do ano pasado para favorecer o fermosismo. A obra consistiu na restauración dun muro de peche de pedra nunha parcela situada no lugar de Andión, na parroquia de Santiago de Silva.

Roteiros de Pol presenta o calendario de rutas

A Asociación Cultural Roteiros de Pol xa ten en marcha o seu calendario de actividades para o período comprendido entre xaneiro e setembro. O programa inclúe unha variada oferta de rutas, que combina natureza, cultura e convivencia. A primeira cita foi o 19 de xaneiro, coa ruta Pedrafitas do Cebreiro - As Nogais. Esta actividade destaca polo seu percorrido de 14 km de dificultade baixa, ideal para todo tipo de participantes. Outras rutas destacadas do calendario inclúen a Ruta do Cocido en Baleira (febreiro), unha visita a Ponferrada (marzo), e a participación na XVI Concentración de Asociacións de Sendeirismo de Galicia e Asturias, prevista para maio en A Ponte-

nova. En xuño, os participantes gozarán da XXXVIII Travesía Costa Naviega en Asturias, mentres que setembro pechará o programa con dúas actividades especiais: a Ruta por Pol e a conmemoración do XXV Aniversario do Grupo de Montaña Estoupo en Luarca. Engádesse tamén no programa outras como a de Betanzos, en abril, ou a de Courel en xullo. A cota anual para ser socio mantense en 20 euros, un incentivo máis para unirse á asociación e gozar dun ano cheo de experiencias ao aire libre. Para máis información e inscricións, animamos aos interesados a consultar as redes sociais de Roteiros de Pol.

Os nacionalistas reclaman acceso aos elementos patrimoniais

Os concelleiros do Bloque Nacionalista Galego de Outeiro de Rei aseguran que solicitaron formalmente en varias ocasións ao alcalde poder visitar as instalacións onde se atopa a antiga fonte que estaba na praza do concello e máis a porta medieval que estaba na vila de Outeiro e foi derrubada durante as obras de construción do centro de día en 2023. “Esta política autoritaria e absolutista que mantén o Sr. Alcalde coñecémola moi ben no concello de Outeiro de Rei” afirma Vieito. Por parte do BNG de Outeiro fíxo-

se a petición de acceso a estes elementos patrimoniais sete veces, “estes impedimentos dannos a pensar que se esta ocultando algo e non permiten que a oposición fagamos o noso traballo”, din. O concelleiro nacionalista preguntase: “Será que estes bens están xa totalmente deteriorados ou incluso será que xa desapareceron ou están en lugares onde non deberían? Todas estas preguntas resolveríanse se tiveramos acceso a eles” Miguel Vieito lamenta esta situa-

ción que, por outra parte, “non é nova, xa que se repite dende hai meses e, incluso o Sr. Alcalde negouse a colaborar como se debe coa Valedora do Pobo ante a petición de amparo presentada polos nacionalistas sobre o veto de acceso a informacións públicas”. “Non hai dúbidas de que teñen moitas cousas que ocultar xa que, do contrario, non terían ningún problema en facilitar toda a información e accesos que lles solicitamos dende o Grupo Municipal do BNG e tamén a Valedora do Pobo”, sentenciou.

Arrancan os almozos saudables no colexio, que serán unha vez ao mes

Alumnado de 6º de Primaria do CEIP Laverde Ruiz participou no primeiro almuerzo saludable organizado polo Concello en colaboración coa Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal), dependente da Consellería do Medio Rural, co fin de promover bos hábitos alimentarios entre os nenos e nenas. A actividade desenvólvese unha vez ao mes para que poidan participar os estudantes de todos os cursos de Primaria. Nos almozos ofrécense alimentos de proximidade e produtos amparados por algún dos selos de calidade de Galicia: Artesanía Alimentaria, Agricultura Ecolóxica,

Denominación de Orixe ou Indicación Xeográfica Protexida. Entre eles figuran leite, iogures, froita, pan, aceite, queixos, mel, marmeladas, galletas, torta de castañas ou cacao, todos de orixe galega, moitos deles da provincia de Lugo. Este tipo de iniciativas enmárcanse nos obxectivos da Rede Galega de Promoción da Saúde, que busca potenciar as estratexias locais que melloren a saúde da poboación. O proxecto que comeza no colexio de Outeiro de Rei inclúe así mesmo unha charla informativa sobre os coidados bucodentais, organizada en colaboración co Colexio de Ondontólogos e Estomatólogos.



A ARMH colocará pedras da memoria para lembrar ás vítimas do franquismo

A Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica (ARMH) colocará pedras da memoria en concellos de Lugo para recordar os deportados lugueses vítimas do nazismo e do franquismo. Segundo a ARMH, en total foron deportadas 200 persoas desde Galicia, das cales 39 eran de Lugo. Por iso, colocará unhas pequenas placas de bronce incrustadas no chan, Stolpersteine, en homenaxe a 21 destes deportados, unha selección baseada nos avances da investigación recente, que permitiron reconstruír parte das súas historias. Os Stolpersteine colocaranse en honra de Rafael Pardo Valles (O Corgo); Aurelio e Vitorino Díaz Huertas (Outeiro de Rei); Liberio Vali García, Balbino Santín Era e Octavio López Reyμόndez (As Nogais); Manuel Domínguez Núñez, Ramón Gómez López e Agustín Souto Vilares (Bece-rreá); Casto Martínez Parada (O Incio); Jesús López Digón, Octavio Arias González, Manuel Fernández Fernández, José Fernández Santín e José Fernández Pérez (Cervantes); e Benigno Castro Gandoy, Enrique Doval Reija e Francisco Otero Saavedra (Lugo).

INTERRITMOS



Casas da Fortaleza foi o escenario dunha nova xornada de Interritmos, un espazo de encontro e diálogo arredor da música de raíz. O evento contou cun faladoiro protagonizado por Faustino Núñez, David Pino e Julia Pozo, moderado pola xornalista Patricia Hermida. Tamén houbo un showcase musical a cargo de Axeigo e unha degustación de produtos locais.

O BNG reparte un calendario feito con imaxes do patrimonio local

O Bloque Nacionalista Galego de Outeiro de Rei vén de presentar uns calendarios, non só para felicitar o ano á veciñanza, senón tamén para que se coñeza un patrimonio material, “o dalgún caso que xa desapareceu como é a Cruz do Albardeiro de Maúñfe ou outros que están a piques de desaparecer como é a Pontella da Insua do Maiordomo en Taboi, unha pontella única por contar con unha porta de paso e cun alpendre e de seguido a ponte propiamente dita, trátase pois dunha construción singular e cunha tipoloxía única na contorna”.

Este calendario está feito en base a todo o traballo de recollida que ten feito Orlando Viveiro sobre o concello de Outeiro de Rei.

Elvira Lombao, concelleira do BNG en Outeiro de Rei afirma que “o patrimonio e a cultura son legados que recibimos do pasado e que forma parte do conxunto de bens que son dignos de preservarse. E non só temos patrimonio histórico senón tamén patrimonio natural que dende o concello se debe facer todo o posible por conservar pero tamén poñer en valor para deleite da veciñanza e visitantes. Neste concello temos exemplos suficientes que merecen estas actuacións



mais neste calendario só aparecen uns poucos”.

“A falta dun plan específico de protección dos elementos patrimoniais e a desidia da equipa de goberno actual teñen producido numerosos atentados patrimoniais. Podemos falar do deterioro das torres de Sobrada e Taboi ou da capela románico-gótica da nosa Sra. De Bravos en Vicente como algúns deses exemplos”, engade.

“Ademais, queremos deixar constancia da falta de querencia do Sr. Alcalde ao noso patrimonio e o pouco que lle importa a perda deste -relata Lombao-. Temos un

exemplo clarísimo na desaparición dunha porta medieval única no noso concello que é unha peza dun extraordinario valor patrimonial e que dende que se iniciaron as obras do centro de día en 2023 nada se sabe dela, a pesares de que no proxecto do mesmo se fala de que dita porta permanecera no mesmo lugar”.

Neste calendario aparecen fotos tamén de palleiras, fontes, pombois e tamén fornos de cocer o barro en Bonxe.

“Queremos poñer en valor o noso patrimonio e que a nosa veciñanza o coñeza e así tamén o poida valorar”, conclúe Elvira Lombao.

Xunta e Concello traballan nun plan de impulso do emprego

O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González, acompañado pola directora xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, Zeltia Lado, mantivo unha xuntanza co alcalde de Outeiro de Rei, José Pardo, para avanzar na colaboración que mantén o Goberno galego con este concello lucense. Neste sentido, analizaron o desenvolvemento do obradoiro de emprego dual e o do programa integrado de emprego dos que se beneficia este concello.

En relación co obradoiro dual ao que está asociado Outeiro de Rei, denomínase Camiño da Chaira VIII e é compartido cos municipios de Castro de Rei -entidade promotora- e Cospeito. Recibiu unha axuda de case 412.000 euros no marco da convocatoria de 2024, beneficia a 20 persoas desempregadas e está centrado en actuacións auxiliares en revestimentos continuos en construción, de acabados ríxidos e urbanización e operacións de gravación e tratamento de documentos.



Neste sentido, púxose de manifesto a importancia de iniciativas coma esta para dar soporte sectores como o da construción con demanda de man de obra, xa que estes obradoiros son especificamente deseñados para atender as necesidades do tecido produtivo de cada contorna. Deste xeito, tras a formación recibida, os participantes contan con mellores opcións para a súa inserción laboral en empresas da zona.

En canto ao programa integrado de emprego, este municipio ten en

marcha un que recibiu unha axuda autonómica de 220.000 euros e que tamén abarca aos concellos de Rábade, Friol, Begonte, Cospeito, Castro de Rei, Abadín e Mondoñedo. Esta iniciativa beneficia a 100 persoas dos oito municipios, que pertencen a colectivos con especiais dificultades de acceso a un posto de traballo e que reciben formación para o emprego coa posibilidade de realizar prácticas profesionais non laborais en empresas en consonancia co contido teórico-práctico das accións formativas.

Convocan o VIII concurso de videopoemas

A Casa-Museo Manuel María organiza unha nova edición do concurso de videopoemas, a VIII, que ten por finalidade a potenciación da creatividade artística a través da conxunción da palabra, o son e a imaxe, e o coñecemento e difusión da obra de Rosalía e Manuel María. O concurso vai destinado a todo o alumnado galego de ensino non universitario a partir da ESO, podendo facelo tanto a nivel individual como grupal. Estabéllese unha única categoría, desde a ESO até segundo de Bacharelato, ESA e Ciclos Formativos.

Os videopoemas consistirán nun vídeo baseado nunha composición poética en galego de Rosalía ou de Manuel María. O poema deberá aparecer nalgún momento do vi-

deopoema, ben sexa impreso, recitado ou en calquera outra opción que se considere.

Os centros participantes deberán realizar a súa preinscrición antes de 18 de marzo por correo electrónico en contacto@casamuseo-manuelmaria.gal. Os traballos serán enviados por calquera medio dixital á Casa-Museo antes de 13 de abril, mais sempre deberá ser comunicado dito envío ao enderezo electrónico seguinte: contacto@casamuseomanuelmaria.gal. A Casa-Museo comunicará antes do día 2 de maio os videopoemas seleccionados como finalistas.

O xurado establecerá os que, ao seu xuízo, son os dous mellores traballos presentados, atribuíndoselles como premio unha tableta.



Entregados os premios de poesía e postais de Nadal

A casa da cultura acolleu a entrega de premios do certame de poesía infantil e o concurso de postais de Nadal 2024. Os premios foron entregados aos gañadores/as das súas respectivas categorías, por personalidades do concello de Outeiro de Rei, entre eles o alcalde do concello, Jose Pardo Lombao. Os premiados recolleron os seus correspondentes diplomas e uns agasallos (libros, mochilas,...)

A Biblioteca Pública Municipal de Outeiro de Rei deu a coñecer a relación de nenos e nenas gañadores do Certame de Poesía Nadal 2024 na fase local do concurso. Na categoría A (menores de 8 anos), os premios foron para Adrián Blanco Pérez (1ªA), Hugo López Díaz (3ªA) e Aroa Fernández Barreiro (3ªA), con accésit para Erik Gil Ron (2ªA).

Na categoría B (de 9 a 11 anos) resultaron gañadores Dafne Peña Piñeiro (4ªB), Claudia García Valle (6ªA) e Thiago Luigi Botigué Andrade (6ªA). Houbo un accésit para Lucía Alba

Martínez (5ªA).

Tamén recibiron os premios os gañadores do Concurso de Postais de Nadal do Concello de Outeiro de Rei, no que se escolleu o traballo de Adriana Rouco Marqués, de 6ªB, que destacou entre os participantes polo seu talento e creatividade e coa súa postal o Concello felicitará as festas aos seus conveciños.

Ademais, premiáronse os seguintes alumnos nas distintas categorías. Na Categoría I (de 1ª a 3ª de Educación Primaria), os premios foron para Martín Iglesias Galán (1ªA), Aldán Vázquez Fernández (1ªB) e Carla Gil Martínez (3ªA). Obtiveron accésits Sergio Mouriz Pena (2ªB) e Rosa Morais Corbelle (3ªB).

Na Categoría II (de 4ª a 6ª de Educación Primaria), ademais do premio a Adriana Rouco Marqués (6ªB), tamén foron galardoados Iago Río Pernas (5ªB) e Noé Morais Corbelle (5ªB). Os accésits foron para Martín Blanco Pérez (4ªA) e Valeria Méndez Rodríguez (4ªB).

Outeiro de Rei

Os dous representantes da oposición teñen unha longa bagaxe á fronte dos seus grupos municipais

BNG

Outeiro de Rei é un dos concellos máis poboados e tamén un dos máis extensos, no que o Partido Popular ten unha longa historia de Goberno. Tamén levan moitos anos sendo a súa principal oposición os concelleiros do BNG, dirixidos por Xosé Ferreiro Fernández, un histórico do partido que pasou por varios cargos políticos.

Forma parte da política local desde as eleccións de 2015, hai dez anos. Chegou a política da man da CIG, pero as súas inclinacións xa de vía desde pequeno, “nunca soportei aos abusóns, a xente que vivía a conta dos demais, sobre todo dos máis débiles. Deime conta moi rápido de que o que pasaba a nivel das persoas pasaba tamén a nivel do meu país. Todo iso, xunto co amor ao meu país e o desprezo que existía (e segue a existir) polo noso idioma, pola nosa cultura e por todo o que o representa, levoume a ser de esquerdas e nacionalista.

Desde a súa chegada á política tiña claro un obxectivo, “colaborar na mellora das condicións de vida da miña xente, que son as traballadoras e traballadores e as clases populares en xeral. Eu colaboro na política para



DATOS

- HABITANTES: 5.358.
- PARROQUIAS: 27.
- EXTENSIÓN: 134,2 km cadrados.
- PARTIDO XUDICIAL: Lugo.
- CORPORACIÓN: 9 concelleiros do PP, 3 do BNG e 1 do PSOE.
- ALCALDE: José Pardo Lombao, do Partido Popular.
- VOCEIRO BNG: Xosé Ferreiro Fernández.
- VOCEIRA PSOE: Carmen Acacio López.



cambiar as cousas, non para que as cousas me cambien a min. Non soportaría que as moquetas ou os sofás dourados me afectaran e iso só se evita se nunca perdes o norte, se tes claro quen es e quen é a túa xente”.

BNG: “Non soportaría que as moquetas ou os sofás dourados me afectaran e iso só se evita se nunca perdes o norte”

Tamén ten claro cal debe ser o papel como membro da oposición, “nun concello que funcione con normalidade democrática, a oposición do BNG debería ter eses dous papeis: por unha banda, fiscalizar e controlar a acción de goberno e, por outra, facer propostas en positivo para mellorar esa acción e, dese xeito, mostrar tamén como sería o goberno do BNG se houbera esa posibilidade. Iso é o que a nós nos gustaría facer, pero en Outeiro iso non é posible”.

Despois destes anos á fronte do BNG pon na balanza os beneficios que lle supón esta ocupación, “sentir que colaboras na mellora da vida da túa xente é o máis gratificante”, en os sacrificios que hai que facer, “moitas horas que hai que sacar do tempo libre ou doutras cousas que nos gusta facer. Chega a ser realmente estresante compaxinar o traballo profesional, a familia e o traballo no concello”.

Define tamén o seu papel dentro da oposición do Concello de Outeiro de Rei: “Dado que é un concello un tanto especial pola forma de gobernar que ten o alcalde, o noso papel principal é de fiscalización e control da acción de goberno, evitando dentro das nosas posibilidades os abusos, o uso fraudulento dos fondos públicos e as discriminacións no trato á veci-

ñanza”.

Para Xosé Ferreiro, as principais necesidades de Outeiro de Rei son “deixar de ter un urbanismo dirixido aos amigos e á construción de grandes urbanizacións, permitindo que medren todas as parroquias, democratizar o concello para que toda a cidadanía teña os mesmos dereitos, abaratar o chan industrial para que o Parque Empresarial teña empresas e non siga baleiro na súa maior parte, levar o saneamento a todos os núcleos rurais, coidar e protexer o patrimonio histórico e natural, converténdoo nunha oportunidade de futuro, rematar coa débeda de xestión que nos está a afogar economicamente, ter unha auga que se poida usar cando chove, aglomerar as estradas de maior tráfico, limpar as cunetas e beirarrúas cando sexa necesario, ter impostos coherentes cos servizos, rematar co caciquismo e cos abusos, etc, etc, etc... Podería seguir así durante horas”.

PSOE

Á fronte do PSOE está Carmen Acacio, que se vinculou ao partido da localidade xa no 2007, pouco despois de que se instalara no Concello, “porque de sempre, na miña familia fomos persoas preocupadas pola realidade política do noso país. Hai moitas maneiras de pensamento político e cada un de nós debemos saber de que xeito queremos que nos gobernen, que é o primordial nas nosas vidas. Toda esta miña preocupación levoume a interesarme por aqueles que pensaban coma min no concello, persoas progresistas”.

Ademais, desde o seu papel na oposición defende o traballo diario que leva a cabo “sempre tratamos de propoñer iniciativas para mellorar a actividade diaria do Concello e intentamos apoiar á veciñanza nas súas reclamacións, como pasou co tema da falta de pediatras no centro de saúde. O Grupo Municipal do PP

ten a maioría absoluta e non sempre ocorre que as nosas peticións saian adiante”.

Aínda así sabe cal é o seu papel “facer propostas a un goberno sen ideas, ideas que despois utiliza como propias. Neste Concello inténtase borrar a existencia da oposición, como se quixesen facer ver á poboación que so hai un tipo de votante e nós representamos aos veciños e veciñas que, nas pasadas eleccións, escolleron outras maneiras de facer a política municipal. Iso non o poderán tapar nunca”.

Nestes anos de dedicación, Carmen Acacio sabe que o principal sacrificio que se fai é o tempo de se dedica, pero asegura “que todo é cuestión de organización”. Ademais, para ela o mellor beneficio é “o contacto cos veciños e veciñas e a satisfacción persoal de ver que o traballo que levaches a cabo para preparar os Plenos dá o seu froito. Grazas a ter sido nomeada Voceira do Grupo municipal socialista descubrín que vivo nun concello excepcional pero que aínda ten moito que facer en moitos

PSOE: “Cada un de nós debemos saber de que xeito queremos que nos gobernen, que é o primordial nas nosas vidas”

aspectos como o urbanístico, por exemplo”.

Por isto mantén o que o seu principal obxectivo está en “Seguir traballando para axudar a mellorar a vida dos veciños e veciñas do meu concello”.

Así, unhas das principais liñas de traballo para ela é “que se leve a cabo un Plan de Ordenamento Urbanístico do noso Concello, como así o esixe a lei autonómica. Intrinsecamente nese Plan está que se lle dea unha solución definitiva á Urbanización da Palloza, que leva uns 25 anos en estado lamentábel por culpa da mala xestión do actual alcalde”.

Ademais, suma ao seu proxecto de futuro outras necesidades para Outeiro de Rei, como son: “que se amplíe a rede de saneamento a certas zonas que aínda non a teñen e que están altamente poboadas pois actualmente esta só chega a 5 das 27 parroquias, ademais, a atención pediátrica é totalmente deficitaria para un concello como este, así como a atención primaria, en evidente estado de desmantelamento. Outro tema que nos move a actuar é o Parque empresarial de Outeiro de Rei, xa que non está explotado como merecería: Hai moito terreo baleiro e non hai unha preocupación por parte do goberno municipal por promocionalo de maneira efectiva”.

meira

Meira incorpora de novo os mecos ao programa de Entroido

Regresa a Meira un ano máis o costume dos mecos polo Entroido e despois da celebración do Baile do Farolillo, que anuncia a proximidade do tempo de disfraces.

O domingo día 16 hai feira en Meira e despois desta, pola tarde, saíran á rúa os mecos ou espantallos que se foron elaborando por parte das asociacións, colectivos e veciñanza.

Estes mecos estarán expostos na rúa ata rematado o Entroido, o mércores de cinza, día 5 de marzo. Tamén ser farán públicos os Mandados do Meco, que é quen dirixe no Entroido. El dirá como deben vestirse a semana previa ao Entroido. Estas comunicacións saíran na web do Concello, na páxina de Facebook da Oficina de Turismo e no Taboleiro de Anuncios do Concello (a carón da Casa de Cortón, onde a Praza Maior).

O concello lembra que os mecos non deben interromper o paso dos veciños e non deben tampouco supoñer ningún perigo, xa que o domingo 2 de marzo tamén haberá feira.

Tradicionalmente, o meco representa a un personaxe público, normalmente vinculado ao mundo da política ou a igrexa e en moitas ocasións transformado nun porco con forma humana. Cos mecos búscase denunciar certas situacións que perturban a unha localidade. Desde fai séculos o meco caracteriza o Entroido galego en numerosas cidades como Vigo ou Santiago.

Os Meiregos busca voluntarios para a Baixada de Carrilanas

O emocionante evento da 5ª Baixada de Carrilanas Vila de Meira está en marcha e precisa da colaboración da veciñanza para converter esta edición na máis espectacular ata o momento. A organización, Os Meiregos, fai un chamamento a todas aquelas persoas interesadas en formar parte desta aventura única, prevista para os días 14 e 15 de xuño.

Os voluntarios terán a oportunidade de vivir a baixada desde dentro, colaborando en diferentes tarefas como o control de tramos, asistencia, apoio logístico ou outras funcións necesarias para o bo desenvolvemento do evento.

Buscan persoas con ganas de colaborar, pasalo ben e desfrutar dunha fin de semana chea de velocidade, emoción e compañeirismo. A organización destaca que será “unha experiencia inesquecible para todas e todos os participantes”.



Convocada este mes a primeira Festa do Cocido

O vindeiro 9 de febreiro, o polideportivo de Meira converterase no epicentro da I Festa do Cocido. Organizada baixo o lema *Meirandes!*, esta cita promete unha xornada chea de sabor, música e actividades para toda a familia.

A festa dará comezo ás 13:00 horas cunha sesión vermú a cargo de Verónica Cambón e DJ Casanova, que se prolongará á tarde garantindo un ambiente animado dende o mediodía. Ademais, a comisión organizará un punto de venda de suadoiros conmemorativos.

A partir das 15:00 horas, será o momento de desfrutar do prato estrela: o cocido. O menú para adultos, cun prezo de 35 euros, incluírá sopa de cocido, lacón, orella, rabo, butelo, chourizo, verdura, costela cocida, cachelos, garavanzos, sobremesa, bebida e café. Para os máis pequenos (de 3 a 10 anos), haberá un menú infantil por 15 euros, composto por sopa de cocido, escalopíns de polo con patacas, bebida e sobremesa.



A diversión continuará coa celebración dun bingo con premios, mentres os máis pequenos poderán gozar dunha área de inchables e xogos gratuítos.

Os interesados poden encargar os seus tickets para a comida a través das redes sociais oficiais (@festas-demeira2025) ou en varios establecementos de Meira. Esta primeira edición da Festa do Cocido está organizada polo Concello de Meira e busca converterse nun referente gastronómico na comarca co obxectivo de perpetuarse.

IES PEDREGAL DE IRIMIA



O deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, deu a benvida a un grupo de 28 alumnos do IES Pedregal de Irimia, que coñeceu a Produtora do Servizo de Audiovisuais da Deputación. Nesta saída os estudantes descubriron de forma lúdica e divertida, departamentos como o arquivo, a redacción, a sala de cámaras, as mesas de realización ou os platós.

riotorto



Riotorto mobilízase para esixir a cobertura das prazas no centro médico

Máis de setenta persoas xuntáronse na Casa da Cultura de Riotorto para coordinar as iniciativas que levarán a cabo nas próximas semanas, co obxectivo de esixir á Xunta de Galicia que cubra as prazas de médico no centro de saúde local.

Na reunión, organizada polo BNG de Riotorto, decidiu constituírse un grupo de traballo formado por veciños e veciñas, baixo o nome ‘Riotorto pola Sanidade Pública’, co propósito de continuar coa mobilización ata que se recupere o funcionamento normal do centro de saúde, que leva sen atención médica estable desde mediados de novembro.

Este grupo prevé realizar unha recollida de sinaturas por todo o municipio e organizar unha protesta diante da delegación da Xunta de Galicia en Lugo, prevista para a primeira semana de febreiro.

Ademais, o BNG solicitará a convocatoria dun pleno extraordinario para instar ao goberno municipal a su-

marse á iniciativa, facilitando tamén os desprazamentos para a mobilización.

Máis de setenta persoas xuntáronse na Casa da Cultura de Riotorto para coordinar as iniciativas que levarán a cabo nas próximas semanas, co obxectivo de esixir á Xunta de Galicia que cubra as prazas de médico no centro de saúde local.

Na reunión, organizada polo BNG de Riotorto, decidiu constituírse un grupo de traballo formado por veciños e veciñas, baixo o nome ‘Riotorto pola Sanidade Pública’, co propósito de continuar coa mobilización ata que se recupere o funcionamento normal do centro de saúde, que leva sen atención médica estable desde mediados de novembro.

Este grupo prevé realizar unha recollida de sinaturas por todo o municipio e organizar unha protesta diante da delegación da Xunta de Galicia en Lugo, prevista para a primeira semana de febreiro.

O Concello repartirá máis de seis mil euros no Entroido

O sábado 22 de febreiro terá lugar en Riotorto o esperado Desfile de Entroido, un evento que reunirá participantes de todas as idades coas súas mellores creacións. A saída está programada para as 16.30 horas desde a Casa da Cultura, percorrendo as rúas do municipio ata o pavillón polideportivo.

O desfile contará con diversas categorías para nenos e adultos, premiando os mellores disfraces individuais, de parellas, grupos, carrozas, charangas e comparsas. Entre os galardóns destacan os premios de 550 euros para as comparsas máis destacadas, 360 euros para as mellores carrozas e 300 euros para as charangas. En total, serán máis de 6.000 euros en pre-

mios, con galardóns tamén para os grupos e participantes individuais tanto na categoría infantil como na de adultos.

A inscrición pode realizarse ata o día do evento enviando un correo a riotortocf@gmail.com ou presencialmente na Casa da Cultura de 12:00 a 16:00 horas. Os dorsais entregaranse ata as 16:15 horas.

Tras o desfile, os asistentes poderán gozar dunha verbena amenizada polo Grupo D’Cano e DJ Bombardero, que terá lugar no pavillón. Haberá servizo de bar e comida a cargo da Pulpería Suso de Lugo.

A organización destaca a importancia de seguir as bases do concurso, publicadas na súa web oficial, para garantir un evento seguro e divertido para todos os asistentes.



O actor Denís Gómez será o pregoeiro da Festa da Filloa de Muimenta

Denís Gómez Feal será o pregoeiro este ano da Festa da Filloa de Muimenta, segundo comunicou a organización.

Denís Gómez naceu na Coruña (setembro do 1978). Estudou Dereito na universidade da súa cidade onde comezou a partillar os seus estudos oficiais co teatro universitario.

Como a súa afición superou en ánimo á súa formación en leis, decidiu rematar a carreira en Madrid e así poder compaxinalo cos estudos de arte dramático.

Foi aí onde comezaron a saírlle os seus primeiros papeis en películas como *Los Lunes al sol* de Fernando León ou series como *El Comisario*.

Aos poucos, os traballos no mundo audiovisual foron crecendo en cantidade e importancia e asema de afianzándose tamén sobre as táboas da man da súa compañía

Os Náufragos, que comezou a súa actividade en Madrid pero que ten agora a súa sede en Galicia.

No 2016 protagonizou para a Galega *O sabor das margaridas*, primeira serie en galego para Netflix que obtivo gran éxito en todo o mundo, converténdose na serie máis vista en idioma estranxeiro en moitos países do mundo.

Por esta serie, Denís obtivo o seu primeiro nomeamento aos premios Mateo coincidindo tamén coa súa primeira nominación aos Premios María Casares de teatro por Karelu.

Traballos como *Código Emperador* con Luis Tosar, *Serramoura*, *Padre Casares*, *Entrevías* ou *Cuéntame cómo pasó* foron continuándose ate os nosos días onde Denís ten pendente a estrea de tres películas rodadas na terra e unha serie para Netflix.

O PSOE propón un plan de coidado das dúas vilas e das parroquias

As mocións e as preguntas do PSOE volveron encher de contido un Pleno no que só figuraba un punto na orde do día, un reparo de Intervención derivado de 113 facturas (por un importe total de 104.317,38 euros) que quedaron sen pagar porque non había crédito suficiente no Orzamento de 2024 e propónse imputalas ás contas de 2025.

Os socialistas criticaron esta medida, que foi aprobada só cos votos populares, ao preguntar “como se poden gastar 1380 euros en 46 cocidos nun simple día e despois dicirle aos veciños que non hai cartos para contedores. Ou tumbar a proposta de almozos saudables que nosoutros levamos a Pleno o pasado ano”.

O PSOE, que acusa unha “xestión nefasta, na que non se dá pagado

aos provedores no ano en curso”, presentou unha moción na que reclama un coidado das vilas e das parroquias. Para iso propón construír unha base de cemento e unha armazón de madeira onde se agrupen os contedores das parroquias, “contribuíndo así a mellorar o impacto visual dos mesmos, é dicir, a poñer curiosa a zona”.

Tamén apostan por repoñer a sinalización das vilas e parroquias naquelas que presentan ilexible ou deteriorada a propia placa que amosa o topónimo, substituír as magnolias das beirarrúas da Feira do Monte por outra árbore de menor porte e vigor, deixar o espazo suficiente para as novas árbores, arranxar as beirarrúas, limpar e retirar as herbas das mesmas, repintar os farois e repoñer

os ausentes e arranxar as macetas. O alcalde asegurou que ese mantemento xa se está a facer.

Tamén presentou dúas preguntas, na primeira sobre a intención de asfaltar o barrio do Sanguido en Xermar, o de Guldeiros en Pino, o de Vilouriz en Seixas e o de Trabazos en Momán. O Concello contestou que unha obra xa está adxudicada e as outras incluídas no planeamento deste ano. Pediron información sobre o estado da biblioteca na Casa da Cultura e a súa dispoñibilidade e pecharon con varios rogos: que se poña especial atención nas estradas na reparación dos danos do temporal, que se actualice con maior frecuencia a web municipal e que se coloque un contedor máis grande no barrio do Carboeiro.

A Moexmu publica os dous carteis para a nova convocatoria de abril

A comisión organizadora da XLI edición da Mostra Exposición de Muimenta – Moexmu continúa coas súas reunións de traballo.

Paula Francos Anllo volveu realizar o deseño dos carteis da Moexmu e do Concurso, Exposición e Poxa de Gando Selecto.

Os carteis desta edición recollen a gran festa do agro galego, a que toda a xente está convidada.

A data de celebración serán entre o venres 4 de abril e o domingo 6 de abril do 2025.



Por outra banda, xa está aberto o prazo para a reserva de postos e parcelas para os diferentes expositores. Poden realizarse no enderezo electrónico moexmu@gmail.com ou no

teléfono 982 504 002 (chamar preferiblemente polas tardes)

Tamén se abriu o prazo para inscrición do gando e ganderías para as actividades englobadas no Concur-

so, Exposición e Poxa de Gando, para o cal ten que poñerse en contacto con Africor Lugo (982 250 714). Tamén poden apuntarse no VII Monográfico de Can de Palleiro.

AXENDA DE ACTIVIDADES

XACOBEO. A Asociación Recreativa Cultural San Martiño de Pino organizará un percorrido polo Camiño Francés do Camiño de Santiago, dividido en 8 etapas que se realizarán os domingos a partir do 9 de marzo. A saída terá lugar ás 07:30 horas desde os puntos habituais e inclúe transporte en autobús e xantar. O prezo por etapa será de 40 euros para socios e 45 para non socios.

Na iniciativa participan as asociacións do Cruceiro de San Pedro de Seixas e de Vilapene. As persoas interesadas deben anotarse antes do 28 de febreiro.

COCIDO. A Asociación Recreativa Cultural San Martiño de Pino celebrará o Cocido de Entroido o domingo 16 de febreiro, no restaurante O Tentáculo, en Lugo. A actividade conta coa colaboración da Asociación Veciñal O Cruceiro de San Pedro de Seixas e a nova

Asociación Veciñal de Vilapene, polo que a xornada servirá como xuntanza para os tres colectivos. O prezo para participar é de 36 euros para socios e 46 euros para non socios. O prazo de inscrición estará aberto ata o 9 de febreiro. A saída para a comida está prevista para as 12:30 horas desde os puntos habituais.

CLUB DE LECTURA. A Asociación de Veciños de San Martiño de Pino, en Cospeito, pon en marcha este 2025 un club de lectura dirixido a toda a comunidade, que se desenvolverá na Biblioteca Rural que puxo en marcha a asociación. A iniciativa busca fomentar a lectura e crear un espazo de encontro e diálogo arredor dos libros. O club reunirá os participantes cada primeiro domingo de mes ás 16:00 horas, e a asociación facilitará un libro ao mes para todos os inscritos.



MERCADO DE NADAL. A Xunta Directiva da Asociación de Empresarios de Muimenta fixo entrega a 17 persoas os vales premiados no XVI Mercado de Nadal – 2024, onde se repartiron 18.900 rifas entre todos os clientes que tiveron os vinte e seis negocios que participaron nesta edición. Os premios teñen que gastarse antes do mes nos negocios pertencentes ao colectivo empresarial de Muimenta.

O Entroido contará con espectáculo musical

O Concello de Cospeito organiza o seu tradicional Entroido Cultural 2025, con tres datas destacadas para todas as idades. O domingo 9 de febreiro, a Casa da Cultura de Muimenta acollerá, ás 17:30 horas, o espectáculo infantil *El Mundo de los Muñecos*. Este repetirase o sábado 22 de febreiro, ás 17:30 horas, na Casa da Cultura de Feira do Monte. Finalmente, o venres 28 de febreiro terá lugar a celebración do Entroido Infantil ás 18:00 horas e, pola noite, o Entroido para adultos a partir das 23:00 horas.

Adif comeza as obras da pasarela para suprimir un paso a nivel

Adif vén de iniciar os traballos de construción da nova pasarela peonil en Rábade na liña ferroviaria de ancho convencional León-A Coruña. O obxectivo desta obra é mellorar a accesibilidade peonil e as condicións de seguridade no ámbito urbano.

A nova plataforma elevada instalárase a 80 m da actual, que será demolida, e conectará a rúa Campo da Feira e a Praza de España coa estación de Adif de Rábade. A pasarela terá estrutura metálica, accesible mediante ascensor e escaleiras, e unha lonxitude de 27,6 m. Ademais, dotarase á zona dunha nova iluminación.

O proxecto presentado implicaba que coa supresión do paso a nivel da rúa Xeral Arce, o tráfico de vehículos e peóns se realice polo paso a nivel da Avenida de Vilalba. Así mesmo, implicaba a construción dunha rotonda no lado Sur da vía para facilitar o cambio de sentido de vehículos. Estaba previsto tamén que no lado norte, ademais, se realicen obras de acondicionamento do contorna-urbanización da zona, solados e muro de pedra-, na zona de acceso



ao cemiterio. A actuación licitada por máis de 717.000 euros- complétase coa instalación dun cerramento metálico e traballos para dar continuidade ás cunetas lonxitudinais de ambas as marxes da vía.

A clausura do paso a nivel implica o desmantelamento de todos os seus elementos, a demolición de firme e a restitución da alíñación da liña ferroviaria, o desmonte da sinalización do paso a nivel e a disposición de barreiras de contención en ambas as marxes do paso.

O exalcalde de Rábade, Francisco Fernández Montes, mostrou a súa satisfacción porque se iniciase esta obra “que significou tanto traballo e tantas viaxes a Madrid para falar con distintos ministerios”.

Lembrou Montes que a obra xa quedou acordada antes de que finalizase o seu mandato, xa que a licitación fíxose neste tempo, “aínda que non comprendo como demoraron tanto en comezar”. Engadiu tamén que “espero que sexan dilixentes á hora de facelas”.

A Casa das Insuas organiza un curso de ilustración da natureza

A Casa das Insuas acolle un curso de iniciación á ilustración da natureza, impartido pola ilustradora científica e naturalista Mariana Roura. Este curso, deseñado para achegar a ilustración naturalista a persoas de todas as idades e perfís, terá unha duración de cinco sesións, entre febreiro e maio, cada unha delas celebrada en sábado, con horarios de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00.

O prezo do curso completo é de 200 euros para socios da Asociación Galega de Custodia do Territorio (AGCT) e 225 euros para non socios. Ademais, no caso de quedar prazas dispoñibles, existirá a posibilidade de asistir a sesións individuais cun custo de 40 euros para socias e 45 euros para non socias.

As sesións deron comezo o 1 de febreiro sobre aves, e continuarán o 8 de marzo sobre anfibios e réptiles, o 5 de abril de mamíferos, o 3 de maio de plantas e o 31 de maio de invertebrados.

O curso ten como obxectivo introducir aos participantes no mundo da ilustración naturalista como ferramenta para o estudo e observación



da natureza. Aprenderanse técnicas, procesos e conceptos como o volume, os movementos ou a anatomía, sempre co propósito de lograr debuxos realistas. Se as condicións meteorolóxicas o permiten, tamén se realizarán saídas ao campo para practicar bosquejos ao natural. O curso completárase cunha práctica continuada na casa, de forma que as persoas participantes poidan consolidar os coñecementos adquiridos.

Esta actividade está aberta a todo tipo de público, sen importar a experiencia previa en debuxo ou coñecementos sobre fauna.

O Entrepontes volverá á localidade o 24 de maio

O colectivo Fillos do Chaira de Rábade vén de convocar a celebración da terceira edición do festival que se desenvolverá na localidade en maio baixo o título Festival Entrepontes.

A data escollida foi o día 24 de maio para unha cita coa música que será gratuíta para os asistentes e que tivo un gran éxito nas dúas edicións pasadas e que mantén a data de celebración.

A primeira confirmación do festival é o grupo Biznaga, unha das bandas máis contundentes e in-

fluentes do punk-rock nacional, que chega a Rábade para arrasar coa súa enerxía e converter o escenario de Entrepontes en pura adrenalina.

Tamén está confirmada xa participación de Catuxa Salom, caracterizada por unha fusión do folk, a electrónica e os ritmos tribais latinoamericanos; e de Hermana Furia. Segundo avanzou a organización, o festival contará cunha xornada chea de actividades e moitas máis actuacións, que irán coñecendo a medida que avancen as semanas.

Rábade acollerá en marzo a Foliada de Primavera, Axeigada

O 22 de marzo, o Centro Sociocultural será no epicentro da música e a tradición galega coa celebración da segunda edición da Axeigada, a Foliada de Primavera.

O evento, organizado pola agrupación folclórica Axeigo coa colaboración do Concello de Rábade, incluírá unha ampla programación con obradoiros, sesión vermú, cantos de taberna e concertos,

ademais da tradicional foliada aberta, onde músicos e asistentes poderán gozar dunha xornada de festa e cultura popular.

Desde a organización animan a toda a veciñanza e visitantes a estar atentos ás vindeiras publicacións para coñecer máis detalles sobre esta celebración que promete encher Rábade de música e baile tradicional.

AXENDA DE ACTIVIDADES

TERRITORIO LOBO. O 7 de febreiro, ás 20:30 horas, terá lugar na Casa das Insuas a presentación de *Territorio Lobo*, o novo libro de Andoni Canela, unha obra que nos achega á figura do lobo ibérico a través dunha mestura única de fotografías espectaculares e reflexións profundas sobre a conservación da natureza. Durante o evento, organizado pola Asociación de Custodia do Territorio, Andoni Canela compartirá co público o proceso creativo e as historias detrás deste proxecto especial, que contou cun amplo respaldo a través da plataforma Verkami. Ademais, estará acompañado por Pedro Alonso, biólogo experto no estudo do lobo en Galicia, quen achegará a súa visión científica sobre esta especie emblemática. Para asistir hai que confirmar asistencia enviando un correo a: casadasinsuas@gmail.com.



o xantar. O prezo para as persoas empadroadas no Concello será de 35 euros, mentres que para os non empadroados será de 45. As prazas poden reservarse ata o día 10 de febreiro na Área de Cultura e Deporte do Concello. A saída terá lugar ás 9:00 horas dende a Praza do Concello.

DESEÑO GRÁFICO. Con motivo da celebración do Centenario do Concello, poñeráse en marcha un Taller de Vestuario Histórico para confeccionar traxes de época cara ao desfile do 28 de maio. A actividade estará a cargo de Marga Portomeñe. O taller incluírá asesoramento especializado e a confección de vestuario, cunha dedicación de dúas horas semanais.

O Pleno aproba os orzamentos municipais, que soben a 2,4 millóns de euros

O Goberno local do Concello de Rábade vén de aprobar no Pleno ordinario celebrado hoxe os Orzamentos municipais para 2025, que ascenden a 2.476.500 euros. A rexedora, Reme González, destaca que se trata dunhas contas “realistas e planificadas para mellorar os servizos básicos que se prestan aos veciños e veciñas”.

Os Orzamentos para este ano 2025 reforzan o gasto social cunha partida moi importante para a dependencia e a conciliación familiar. En concreto, destínanse 350.000 euros ao Servizo de Axuda no Fogar (SAF).

A maiores, as contas recollen un incremento do gasto corrente, como resultado do reforzo do contrato de recollida e tratamento de residuos, así como unha suba no gasto de persoal derivado da posta en marcha e elaboración da RPT.

O capítulo de investimentos reais sobe para acometer algunhas das obras e proxectos previstos, entre os que se atopa o sistema de abastecemento, a mellora nos depósitos da EDAR e a instalación de novo decantador, entre outros.

TERRA CHÁ

Organizan un obradoiro en liña sobre sexualidade

O servizo de prevención de condutas aditivas da agrupación de Concellos de Begonte, Castro de Rei, Friol, Outeiro de Rei e Rábade organiza un encontro online dirixido a nais, pais, educadores e outros perfís vinculados á educación. Este obradoiro, centrado na sexualidade e o acceso á pornografía, celebrarase o 10 de febreiro en horario de 17:30 a 19:30. A formación será impartida por José Luis García, doutor en psicoloxía, sexólogo e escritor.

O obxectivo do obradoiro é ofrecer ferramentas para entender e abordar os principais riscos sexuais asociados a Internet, así como o impacto do consumo de pornografía en idades temperás. Entre os temas que se tratarán destacan a pornografía, os riscos do sexting e grooming, e o impacto de redes sociais como OnlyFans e TikTok.

As persoas interesadas poden inscribirse no correo electrónico a prevenciondrogas@rabade.org ou no teléfono 982 390 062.

O Parlamento solicita o arranxo da estrada entre Meira e A Pastoriza

O Parlamento aprobou por unanimidade a proposición non de lei do Grupo Popular a través da que se solicita ao Goberno central que inicie con carácter urxente as obras de mellora da estrada N-640 no tramo limítrofe entre os concellos de Meira e A Pastoriza, especialmente no punto quilométrico 60 e as súas proximidades, para garantir a seguridade dos usuarios e reducir o risco de accidentes. Así mesmo, pídesse que manteña a rede viaria estatal en boas condicións, asegurando que se dispoña dun pavimento axeitado, sinalización visible e alumeado suficiente para favorecer unha circulación segura e fluída aos galegos e galegas.

A deputada Nicole Grueira lembrou que a estrada N-640 “é a principal arteria de comunicación para os municipios da comarca de Meira, a principal conexión entre Lugo e Asturias e unha das vías de comunicación máis empregadas para os desprazamentos desde a cidade de Lugo á Mariña oriental”. “Unha vía de gran importancia para o tráfico de curto e medio percorrido, empregada diariamente por transportistas, autónomos, transporte escolar, traballadores e veciños que dependen dela para desprazarse”, apuntou.

Invisten 1,3 millóns de euros para mellorar varias vías da comarca

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou este venres a licitación de catro contratos por algo máis de 1,3 millóns de euros para realizar obras de acondicionamento e mellora en 10 vías provinciais das comarcas de Lugo, Terra Chá e A Ulloa, en concreto ao seu paso polos concellos de Portomarín, Guntín, Begonte, Friol, Lugo, Outeiro de Rei, Palas de Rei, Cospeito e Vilalba. Así o informou este venres a Voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, tras celebrar a reunión da Xunta de Goberno.

Por outra banda, tamén se aprobou na sesión desta mañá a licitación por preto de 370.000 euros das obras para mellorar 5 estradas ao seu paso polos concellos de Begonte, Friol, Lugo e Outeiro de Rei. Na comarca actuarase nos 5 primei-

ros quilómetros da LU-P-0802, que conecta Begonte e Santalla. Tamén na LU-P-2905, que vai de Ombreiro a Aspai, no tramo inicial ata o quilómetro 6,654; case 3 quilómetros ao inicio da LU-P-3903, que vai de Santo Estevo a Donalbai; preto do primeiro quilómetro da LU-P-3904, de Xueus a Feira da Gaioso, e nos 13 primeiros quilómetros da LU-P-5101, entre Rábade e Friol.

Por último, en materia de mobilidade, licitouse unha actuación entre os concellos de Cospeito e Vilalba, para mellorar 8 quilómetros da LU-P-1702, que é a estrada que une Feira do Monte con Fontefría polo Pino. A institución provincial inviste máis de 430.000€ para rehabilitar o tramo comprendido entre o punto quilométrico 1,385 e o 9,214. O prazo de execución destas obras é de 3 meses



A Deputación apoia o proxecto Música Crisanto

A deputada Iria Castro visitou a escola da Asociación Música Crisanto, un proxecto de ensinanza musical que une os concellos de Begonte, Rábade, Outeiro de Rei e Friol e que conta cunha 300 alumnas e alumnos.

Durante o encontro, a responsable provincial coñeceu as súas instalacións en Baamonde e conversou coa directiva da asociación e con integrantes da banda infantil, a formación máis nova da asociación.

Iria Castro valorou “a consolida-

ción do proxecto a través dunha formula mancomunada entre os concellos, que vén recibindo apoio continuado por parte da Vicepresidencia da Deputación ao longo destes anos” e subliñou “a importancia de iniciativas que puleen por ofrecer as nenas e nenos dos concellos rurais os mesmos servizos e oportunidades que poderían ter na cidade, neste caso cunha formación musical de calidade e cunha oferta variada”.



A UNED Sénior rendeu homenaxe a Castelao

Coincidindo co 75 aniversario do falecemento de Castelao, a UNED Sénior Coruña realizou unha homenaxe ao insigne autor galego cunha visita ao Museo Etnográfico e Pedagógico das Pontes, situado no antigo colexio Monte Caxado. Este acto enmárcase nas celebracións do Ano de Castelao, proclamado en Galicia para honrar a memoria e o legado deste referente da cultura e identidade galega.

A visita serviu para destacar a figura de Castelao como un dos autores galegos máis universais e como defensor incansable da cultura, a lingua e a identidade de Galicia. Ao mesmo tempo, o evento centrouse en poñer en valor o labor dos mestres e mestras que, entre principios do século XX e 1936, contribuíron á construción dun sistema educativo público

renovador. A exposición do museo permite comprender as transformacións da escola daquela época, moi influídas polas ideas pedagóxicas progresistas e retratadas con mestría nos debuxos de Castelao.

José María López Ferro, director e xerente do Museo, destacou a relevancia do compromiso de Castelao coa educación libre, universal e en galego. Os asistentes tiveron a oportunidade de explorar as máis de 2.500 pezas que compoñen as trinta seccións do museo, deseñadas para recuperar a memoria dos oficios tradicionais, da vida rural e das transformacións no ámbito educativo.

A xornada iniciouse cun percorrido por fotografías históricas que rememoran as antigas aulas e pupitres dos colexios.

A Federación veciñal reclama á Confederación máis de 40 actuacións

A Federación de Asociacións Veciñais de Lugo Lucus Augusti vén de facer público o resultado dun estudo das diferentes asociacións vinculadas ao Río Miño e os seus afluentes en toda a provincia.

Nel advirten unha serie de problemas nos leitos e demandan á Confederación Hidrográfica do Miño Sil que faga unha atención nos puntos que citan. Trátase de 41 peticións, algunhas delas nun mesmo río, que consisten principalmente na retirada de troncos e na limpeza do leito. Nalgúns casos reclaman tamén a retirada de escombros acumulados polas enchentes.

Neste estudo colaboraron unha trintena de colectivos deportivos e veciñais que expuxeron os puntos onde é máis necesaria a actuación.

Así, reclaman na capital actuacións en varios puntos do Rato e do Miño, que afectan tamén ás parroquias de Orbazai, Ombreiro, Monte de Meda, Santalla de Lamas e Gondar.

Tamén se inclúen actuacións en concellos da comarca de Lugo, como en Castro de Rei (no río Pequeno, Rego de Río de Vila e río Lea), O Corgo (Marei, Poncela e Romeán), Friol (Narla) e Outeiro de Rei (Ladra, Miño, Pequeno e Parga).

Na Terra Chá tamén reclaman limpeza de leitos en Cospeito, con atención en Muimenta, Santa María e Xustás (nos ríos Miño, Támoga, Pequeno), en Begonte (Parga), Guitiriz (Labrada e Veiga), Vilalba (Magdalena), A Pastoriza (nos regos das Quintas e das Rigueiras).

Na zona da Montaña subliñan actuacións en Baralla (no río Neira) e en Castroverde (no Tórdea). Na zona de Sarria, destacan necesidades de actuación no río Pequeno, en Vilapedre; no Villobzán, en Goimil, e no río Gallegos, xa no concello de Láncara. Finalmente, na Ribeira Sacra sitúan puntos de intervención en no Partene (Quiroga), no Sardiñeira (O Saviñao) e no río Mao, en Monforte de Lemos.

DEPUTACIÓN

O Pleno aproba mocións para mellorar o SAF e as infraestruturas

O Pleno da Deputación de Lugo aprobou unha moción presentada polo PSdeG-PSOE na que solicita á Xunta de Galicia que archive os expedientes sancionadores abertos contra os concellos de Triacastela, Samos, Folgoso do Courel e Pedrafita do Cebreiro, por dificultades na cobertura do Servizo de Axuda no Fogar (SAF). A iniciativa, apoiada polo BNG e rexeitada polo PP, subliña que os concellos, que asumen gran parte do custo do servizo, precisan máis financiamento por parte da Xunta en lugar de sancións.

O presidente da Deputación, José Tomé, criticou que as multas, que poderían alcanzar os 20.000 euros, supoñen unha carga excesiva para municipios cunha poboación envellecida, onde o 45 % supera os 65 anos. Ademais, reclamouse a negociación cunha mellora da financiación, elevando o prezo da hora do servizo de 12 a 20 euros e reforzando os equipos de valoración da dependencia para reducir listas de espera.

Outra moción socialista aprobada insta á Xunta a reparar a estrada LU-651 no Courel e a desenvolver un plan integral para mellorar as vías autonómicas da provincia. Tomé acusou o PP de criticar obras alleas mentres “mantén abando-



nada a estrada do Courel desde hai tres anos” e sinalou que o treito entre Folgoso e Seoane está pendente desde hai máis de 15 anos.

BNG. Pola súa parte, o BNG presentou dúas mocións. Nunha delas, aprobada por unanimidade, solicitouse á Xunta unha cobertura médica estable nos centros de saúde de Riotorto e Oulol. Neste último, ante a falta de atención deriváronse pacientes a Muras, tamén con problemas similares. Na segunda, os nacionalistas reclamaron políticas sociais para garantir o acceso á vivenda.

As dúas iniciativas do PP foron rexeitadas. A primeira demanda-

ba unha mesa de traballo para repartir os recursos do parque móbil entre os concellos, e a segunda pedía a cesión da Casona do Incio ao concello, xunto con 250.000 euros para un proxecto veciñal, alegando abandono por parte do goberno provincial.

Finalmente, no apartado de rogos e preguntas, o PP interesouse pola axuda de 50.000 euros ao matadoiro de Sarria, anunciada en novembro de 2024, e pola adquisición dun supermercado no concello de Pol, que contou cunha partida de 105.000 euros. Tamén solicitaron melloras en estradas provinciais nos concellos de Cervantes e Mondoñedo.



Asinado o novo convenio colectivo e a RPT do Consorcio de Bombeiros

O presidente da Deputación e do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, José Tomé Roca; o presidente do Comité de Empresa, Álvaro Negueira Fernández; o vicepresidente do Consorcio e representante da Xunta de Galicia, Santiago Villanueva Álvarez; e os representantes sindicais asinaron o novo convenio colectivo e a Relación de Postos de Traballo (RPT).

“Hoxe é un día moi importante para a provincia”, destacou Tomé Roca, quen reafirmou o seu compromiso de garantir estabilidade e seguridade laboral aos profesionais que desempeñan este servizo esencial, protexendo á cidadanía e aos seus bens fronte a incendios e emerxencias.

Este acordo, pioneiro en Galicia, foi acadado tras máis dun ano de negociacións para mellorar a calidade do servizo, recoñecer o labor dos bombeiros, proporcionarlles seguridade laboral e optimizar as súas condicións económicas, dignificando

a súa figura na sociedade.

O novo convenio inclúe avances significativos, como a incorporación de 26 novos efectivos, un incremento salarial anual de 6.000 euros para a categoría de bombeiro, unha redución de 158 horas anuais na xornada laboral (das 1.800 ás 1.642 horas), e o recoñecemento como persoal laboral fixo para os traballadores con contrato indefinido tras a subrogación realizada o 1 de maio de 2019. Ademais, contempla permisos e licenzas, melloras no equipamento e uniformes, redución da mobilidade entre parques comarcais, axudas sociais e días adicionais para asuntos propios.

O Consorcio de Bombeiros da provincia de Lugo, xestionado conxuntamente pola Deputación de Lugo e a Xunta de Galicia, inclúe os parques de Barreiros, Vilalba, Sarria, Monforte de Lemos, Viveiro e Chantada.

Este acordo marca un fito na xestión e nas condicións laborais do servizo de bombeiros en Galicia.

O Goberno provincial licita a posta en marcha do Xeopadrón

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou sacar a licitación do contrato por un importe de 1.260.000 euros para poñer en marcha o proxecto Xeopadrón. Así o anunciou o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, quen explicou que este proxecto de “modernización e dixitalización é un paso máis cara o proceso de transformación no que levamos traballando anos desde a Deputación, en colaboración cos Concellos, a través de diversas iniciativas que melloran a xestión administrativa e a prestación de servizos públicos”.

Rivera Capón indicou que este proxecto que a institución provincial desenvolverá con fondos europeos captados do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España, ten

por obxectivo mellorar a calidade e a fiabilidade dos datos do padrón facendo posible a súa revisión e depuración a través dun novo sistema de xestión.

“Este sistema permitirá contrastar os datos do padrón de cada concello sobre os habitantes empadroados e as súas vivendas coas bases de datos do Instituto Nacional de Estadística. Deste xeito, o INE contará cunha información depurada, contrastada, veraz e actualizada en relación aos habitantes de cada municipio”, apuntou o deputado.

O proxecto terá unha duración estimada de sete meses, cun compromiso de soporte e mantemento de seis meses tras a súa finalización, o que garantirá a sostibilidade e a calidade dos resultados a longo prazo. Ademais, a posta en marcha de Xeopadrón representa un avance

importante cara ao futuro Padrón Online, unha iniciativa do INE que permitirá crear unha base de datos xeorreferenciada de vivendas e fogares. Este salto cualitativo na modernización administrativa mellorará a actualización continua e áxil dos datos do padrón, o que optimizará a xestión de recursos e mellorará a calidade dos servizos públicos prestados aos veciños e veciñas da provincia.

“Con este proxecto, a Deputación de Lugo segue avanzando na consolidación dunha administración pública máis moderna, ao servizo da cidadanía e dos concellos da nosa provincia. Aproveitamos ao máximo as oportunidades que nos brindan os fondos da Unión Europea para mellorar a calidade de vida das nosas veciñas e veciños”, destacou Rivera Capón.

Luz verde ao novo Plan Anual de Contratación

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou o Plan Anual de Contratación 2025 dotado con 27 millóns de euros. Un documento que recolle a previsión dos procedementos de contratación de servizos, subministracións e obras que desenvolverá a institución provincial ao longo deste ano. Así o informou o Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, tras a sesión semanal do Goberno.

Segundo indicou o Deputado, a cifra do Plan Anual de Contratación 2025 é “estimativa”, pero a elaboración deste texto “reflicte a capa-

cidade de planificación, de xestión e de transparencia deste Goberno”. Por outra banda, a Xunta de Goberno aprobou ampliar o prazo da convocatoria da VIII edición do concurso fotográfico: O Patrimonio Etnográfico Material das Reservas da Biosfera Terras de Miño e Os Ancares lucenses. Repartiranse 1.600 euros en premios entre os tres primeiros: 800 euros para o gañador, 500 e 300 euros. Os interesados en participar neste concurso teñen un mes máis, ata o 20 de febreiro, grazas a esta ampliación do prazo para presentar as súas fotografías

COLABORACIÓN

E agora que?

O PUPITRE



Julio Díaz

Uns días antes de Reis, facendo unhas compras nun área comercial, en concreto nunha tenda de telefonía, observei a grande cantidade de pais/nais que estaban a procurar un aparello móbil para os seus fillos. Se atendemos ás estatísticas, a maioría deses móbiles vendidos como churros, foron parar a mans de nenos/as menores de 12 anos. Moitos deses pais seguro que pensaron que o seu labor de resistencia xa ía ben cumprido e que coa compra tamén rema-

tarían os problemas pero, nada máis lonxe da realidade, xa que agora é cando realmente empeza o conflito.

Comezar con bo pé é moi importante. Hai que orientar no bo uso. De non facelo ao principio, reconducilo despois, modificando os malos hábitos adquiridos, adoita ser moitísimo máis complicado. Por iso é crucial iniciarse de forma correcta e tomar o maior número de precaucións para integrar a tecnoloxía da maneira mais moderada e axeitada a súa idade.

É importante quedarse coa idea de que non pode existir barra libre. Hai que sentarse e falarlles dos beneficios que ten o seu uso axeitado pero, por suposto, tamén dos perigos, xa que co

móbil pode accederse a contido inapropiado.

A educación dixital é esencial cando se comeza a empregar calquera dispositivo, pero tamén é importante saber que parte da aprendizaxe dos menores é por imitación, dende o nacemento ata o final da adolescencia. Os propios pais debemos facer un uso responsable e crítico desde que o rapaz é pequeno, xa que este o vai interiorizar por imitación. As normas de uso das pantallas, incluída a televisión, onde se pode ver serie tras serie, deberían ser familiares.

Fagamos agora un inciso, e antes de sentir culpa de deixar que o “aparato” se colase na nosa casa, débese saber tamén que

a gran maioría das veces os beneficios superan os riscos, se aceptamos as conclusións do informe “Impacto do aumento do uso de internet e redes sociais na saúde mental dos mozos e adolescentes” elaborado por ONTSJ (Observatorio Nacional de Tecnoloxía e Sociedade do Ministerio de Asuntos Económicos).

Agora ben, iso non debe ser ningún consolo para os proxenitores. A OMS recomenda evitar expoñer aos menores de dous anos ás pantallas. O outro día nunha conferencia dunha psicóloga santiaguesa quedei abraído cando dixo que xa se fabricaban soportes de tabletas para os carriños dos bebés e bandexas-soporte para os anda-

dores. De tres a catro anos, non máis dunha hora ao día e “canto menos mellor”. De entre 5 a 17 anos, este organismo aconsella non superar as dúas horas vendo pantallas.

Por iso os pais teñen a responsabilidade de guiar aos seus fillos/as no uso das tecnoloxías e establecer límites. O tempo de uso dedicado aos dispositivos é un deses límites. E non é algo trivial. Os rapaces adictos ao móbil teñen alto risco de sufrir depresión e soidade no futuro segundo un estudo da Universidade de Arizona.

Comprométome que no próximo “Pupitre” falarei dos perigos sociais e do uso adecuado do móbil e redes sociais no centro educativo.

Sobre o parque eólico “Satrebares” (I)

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

“...ai compañeiros, tamos aviados. Agora veñen os cabrois cos seus arados arando sobre as casas do profundo e coas rellas deslousan os lousados”

Darío Xohan Cabana

Para que o proxecto de Altri e as minas de Touro non foran as nosas únicas loitas, agora ven a empresa “Maracaibo Solar” degradar as aldeas de Monfero e das parroquias dos Vilares, Buriz e Labrada, co proxecto do Parque eólico “Satrebares”, con 29 monstruosos muíños de vento de douscentos metros da altitude, ao lado das casas, que seica producirán 125 megavatios. Para que o lector poida facerse unha idea da bestialidade, direille que os eólicos que hai hoxe contan só con unha altitude sesenta. A empresa prevé, ademais, dúas torres meteorolóxicas de cen metros de altura.

Debido a esta agresión ecolóxica, visual e auditiva, o grupo municipal do BNG de Guitiriz organizou o pasado 15 de xaneiro unha charla informativa para trasladar aos veciños e veciñas as luces e sombras deste proxecto que nos afecta, en

maior ou menor medida, a todos nós; para darnos a maior información coa que poidamos avaliar ou non este proxecto, contando para elo coa intervención de Xosé Manuel Golpe Acuña, técnico superior en centrais e redes eléctricas e consultor enerxético na Oficina de Transformación Enerxética da Deputación da Coruña desde 2016 e Parlamentario no Parlamento Galego.

Grazas a el puidemos saber moitas cousas deste polígono que pretende ser un dos mais grandes do país, pero que trae a desgracia para moitas familias das parroquias dos Vilares, Buriz e Labrada que teñen as traídas de auga nas súas casas das fontes do cordal de Montouto. que coa construción de zapatas para os muíños, de entre oito a dezaseis metros de profundidade e de vinte cinco a trinta metros de diámetro, farán que as penas cuarteen coas explosións e que o caudal das fontes desapareza, collendo outro camiño subterráneo. Pretenden rebentar esas penas, que sobreviviron á metralla e as bombas, como facendo garda a esas ideas outras as que non matan as balas nin tripan as botas, que dicía Fermín Bouza Brey, deixando sen auga centos de casas e granxas de animais.

Nesa zona do cordal de Montouto hai tamén una cantidade importante de petróglifos, castros e cer-



ca de vinte mámoas catalogadas; como a das Carriceiras, atopada por Luís de Fabete, gran coñecedor dese monte e as do Pilreo, que foron escavadas en setembro de 1972 polo propio Bouza Brey, xefe da Sección de Prehistoria do “Instituto Padre Sarmiento”, e outros lugares de interese histórico que serían violados pola maquinaria e as pistas de acceso.

Eles dirannos que a enerxía eólica abarata a factura eléctrica, pero o mesmo día 15 as nove da mañá foi a enerxía mais cara dos últimos catro anos, 35€ o megavatio hora, e iso que nese momento estaba entrando un 60% de enerxía eólica. Tamén nos dirán que crea postos de traballo pero iso é outra mentira

ben gorda, pois so crean postos de traballo durante a súa construción, pero despois nin sequera teñen mantemento preventivo, senón que só os reparan cando deixan de funcionar, de aí que nesa charla dixera un compañeiro que vira varios muíños polos que corría o aceite polo poste abaixo ata chegar á terra e o caso desa foto que acompañou, sacada por Xosé Luís Teijido (Luís de Fabete) desde a súa casa dos Vilares, na que as aspas, cansadas de dar voltas e de que non lles fixeran caso, decidiron descansar no chan. Cando fixeron cinco polígonos en Ferrol Terra, os veciños preguntáronlles aos responsables da instalación cantos postos de traballo ían crear e contestáron-

lles que si creaban dous postos xa non estaba mal a cousa. Unha vez construídos non miran mais que pola liñas de evacuación de alta tensión, que tamén produce ruído pola indución e este proxecto prevé unha liña de evacuación que tería unha lonxitude de 34 quilómetros, contando con 104 apoios e partiría do concello de Guitiriz, pasando por Aranga e Curtis e rematando en Oza-Cesuras.

A Galiza sóbralle enerxía eléctrica, xa que exportamos a metade da que producimos ao resto do Estado e Portugal, pero eu sempre dixen que a electricidade non crea riqueza nin postos de traballo onde se produce, senón que crea riqueza e postos de traballo onde se consume, nos sitios onde hai industria, como en Euskadi, Cataluña e Madrid e por iso non os queren en ningún deses sitios, polo que cada vez está mais claro que Galiza é unha colonia, onde poñen empresas porcas e molestas que ninguén quere e das que levan logo o produto sen deixar nada bo a cambio para os colonizados.

No seguinte número deste Terra Cha recolleremos mais motivos polos que a maioría dos veciños non avalían ese proxecto e veremos tamén o que ocorre coa directiva da comunidade de montes dos Vilares, á que acusan os comuneiros de non informar e de posicionarse a favor del sen preguntarlles a eles.

Se podemos escoller, témolo claro

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Comezou o novo ano, ou rematou o vello, como prefiran. Doce meses por diante nos que, abofé, haberá de todo un pouco e para todos, como acontece sempre. Iremos vendo como se desenvolven os acontecementos.

Neste dous mil vinte e cinco dúas conmemoracións terán lugar, das cales xa estamos tendo unha mantra xeitosa de información. Por unha banda, cumpriranse cinco décadas da morte do xeneral Franco, quen logo dunha criminal –pero cal non o é– guerra civil, dirixiu como caudillo o destino de España, onde se impuxo unha única visión de nación, de moral, de familia e, en xeral, de vida para o conxunto da poboación. Aqueles que non se adherían á causa, simplemente se atoparían fóra do sistema, coas consecuencias que podía traer consigo. Case corenta anos de réxime ditatorial, todo o contrario do que sucedía alén dos Pirineos unha vez acabada outra maldita guerra,



esta de carácter mundial, onde a democracia se asentou en toda a Europa occidental, agás o noso veciño do sur, Portugal. Foi unha longa noite de pedra, como ben novelou o grande das letras galegas, Celso Emilio Ferreiro, para a Nosa Terra, quen sufriu o desprezo da metrópole nese período de paz e de atraso e miseria a partes iguais, o que derivou en emigracións masivas de mozos e mozas cara outras comunidades onde, elas si, foron quen de industrializarse e modernizarse. Seica era natural de Ferrol, o coñecido como Caudillo.

E por outro lado, tamén se ce-

lebra o 75 aniversario da morte de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. A importancia da súa figura no conxunto da sociedade galega queda patente ao ser declarado o presente como ano dedicado á súa memoria. Nado en Rianxo, foi un home que levou a cabo diversas facetas, que foron desde a de escritor e político, ata a de docente e médico. A súa participación na aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia resultou decisiva. Era 1936, uns días antes do golpe de estado comandado polo mencionado Franco, polo que quedou en papel mollado a decisión maioritaria do noso pobo que votara si a dito estatuto. Castelao, como moitos outros, escollera o bando perdedor, véndose na obriga de coller as maletas e tomar rumbo cara o exilio, para acabar falecendo posteriormente en Buenos Aires. Xa nos oitenta, os seus restos regresarian a Galicia para ficar aquí definitivamente. Como calquera que aparece nos libros de historia, na súa traxectoria tamén ten cabida a polémica, xa que ninguén está libre de tirar a primeira pedra. Pero Castelao, como ben se sinala na declaración institucional da Xunta de Galicia, é un personaxe capaz

de “convocar sempre e unir a todos”. Aparte de dar por boa esta afirmación, cómpre lembrar a Castelao como un dos estandar-tes do Galeguismo. O seu compromiso coa lingua, coa cultura e coas xentes, así como a súa

forte implicación, forman parte do seu amplo legado.

Se temos que escoller a quen honrar este ano entre estes dous paisanos, témolo claro. Apostamos polo rianxeiro. O outro, mellor esquecelo.

O RECUNCHO DE CANELINA



TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN

Concello: 982 50 80 21
Garda Civil: 982 50 80 11
Centro de Saúde: 982 50 81 22

A PASTORIZA

Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60
Garda Civil: 982 34 90 20
Centro de Saúde: 982 33 21 41

AS PONTES

Concello: 981 45 31 16
Policía Local: 981 45 31 91
Garda Civil: 981 45 00 05
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

BEGONTE

Concello: 982 39 61 43
Garda Civil: 982 39 80 08
Centro de Saúde: 982 39 69 02

CASTRO DE REI

Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32
Garda Civil: 982 31 40 02
Centros de Saúde (cita previa): 982 21 10 18
Castro de Rei: 982 31 42 11
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

COSPEITO

Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57
Garda Civil: 982 52 00 17
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20
Feira do Monte: 982 50 34 69
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

FRIOL

Concello: 982 37 50 01
Garda Civil: 982 37 50 02
Centro de Saúde: 982 37 10 98
Cita Previa: 982 37 10 05

GUITIRIZ

Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00
Garda Civil: 982 37 00 01
Centro de Saúde: 982 37 21 10
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

MEIRA

Concello: 982 33 01 02
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 35 69 27
Cita previa: 982 33 02 40

MURAS

Concello: 982 50 00 01
Garda Civil: 982 50 00 20
Centro de Saúde: 982 50 01 23

OUTEIRO DE REI

Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55
Garda Civil: 982 39 00 05
Ambulancia: 982 23 16 13
Centro de Saúde: 982 39 25 98
Cita previa: 982 39 32 67
P.A.C.: 982 39 34 00

POL

Concello: 982 34 50 29
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

RÁBADA

Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52
Garda Civil: 982 39 00 05
Centro de Saúde: 982 39 01 01

RIORTORTO

Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

VIALBA

Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50
Garda Civil: 982 51 03 07
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

XERMADE

Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27
Garda Civil: 982 50 10 08
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

+ Teléfonos: www.terrachaxa.com

TELÉFONOS DE INTERESE



Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323

redaccion@terrachaxa.com

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924
E-mail: redaccion@terrachaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU-517-03
ISSN 2660-4507

Os artigos de opinión publicados reflicten unicamente posturas persoais dos seus autores. O contido dos artigos será responsabilidade do seu autor. Este medio non se responsabiliza das opinións e ideas incluídas no mesmo.

DEPORTES

O PM Friol recibe un premio por quince anos como equipo de alta competición

O PM Friol foi recoñecido no acto de firma do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e Abanca para o Plan de patrocinio dos equipos galegos de Alta Competición, como un dos equipos galegos que logrou manterse 15 anos consecutivos na Alta Competición. Este galardón supón un motivo de orgullo para o club, que ve así recoñecido o seu esforzo e constancia na promoción do fútbol feminino. “Este recoñecemento é froito do traballo incansable das nosas xogadoras, corpos técnicos, directivos, patrocinadores, socios e colaboradores, que, a pesar de contar con menos recursos que moitos equipos de grandes cidades, conseguimos manternos ano tras ano na elite do deporte”, destacaron na directiva. O evento tamén puxo de manifesto a importancia de iniciativas como as desenvolvidas pola Fundación Deporte Galego, que, en colaboración con entidades privadas, incrementaron progresivamente o apoio económico aos clubs galegos. Este respaldo foi clave para que equipos de deportes minoritarios ou de zonas con menos recursos poidan competir ao máis alto nivel.



A Ruta Trotamontes de Pol regresará o sábado 19 de abril

O club Trotamontes de Pol dará continuidade á súa cita anual coa celebración da XVI ruta o sábado 19 de abril arrancando desde Mosteiro, unha cita que reúne todos os anos arredor de 150 participantes. A ruta, que ten uns 90 quilómetros, discorrerá por camiños e pistas forestais deste Concello de outros dos arredores, utilizando vías asfaltadas tan só para facer cruces ou como enlace entre tramos. As inscricións poden facerse a través de Facebook ou no email trotamontespol1@gmail.com, pero o prazo aínda non está aberto.



Os atletas Jorge Puig e Zelinda Spencer gañan o Memorial rabadense

Rábade converteuse no epicentro do atletismo galego coa celebración do XXII Memorial Eduardo Fernández Villamarín. A cita deportiva reuniu a atletas de todas as idades e destacou pola gran participación, máis de 400, e o alto nivel competitivo. Na categoría absoluta, Jorge Puig Malvar, do Oviedo Atletismo, proclamouse campión tras completar o percorrido en 20 minutos e 30 segundos, imponéndose no sprint final a Gustavo Santiago Fernández, do Club Deportivo Pinarium, que cruzou a meta só uns segundos despois (20.41). O terceiro lugar foi para Anxo Castro Varela, de Vicky Foods, completando un podio moi disputado. Pola súa banda, en categoría feminina, Zelinda Spencer Conceição demostrou a súa superioridade, cun rexistro de 25.09. Marina Mullunesh Porteiro de Loño (Ximnástica de Pontevedra) ocupou a segunda posición e González Maragride (Corre por Begonte) completou o

podio cun tempo de 27.11. A competición abarcou tamén numerosas categorías menores. En E masculina, Anxo Castro liderou a carreira por diante de Nicolás Arrojo (Lucus Caixa Rural) e Ramiro Chaves (Lourenzá). En feminina, a vitoria foi para Zelinda Spencer, acompañada no podio por Ana Abuín (Vérxel) e Laura López (Monforte). Na categoría C (2009-2012), Daniel Martínez, do CD Lucense, triunfou entre os rapaces, mentres que Lucía Fernández, tamén do Lucense, fixo o propio entre as rapazas. Noutras categorías destacaron nomes como Sergio Coira (Marineda) e Celita López (Sada) na B, así como Alejandro Farias (Lucus) na A. A xornada foi unha gran festa deportiva que deixou claro que o atletismo segue a gozar dunha excelente saúde en Rábade, consolidando este memorial como un evento de referencia no calendario deportivo galego.

Entregan outro galardón ao Trail das Bestas murés

O trail running é a modalidade de moda no atletismo galego, a que máis está medrando. Por iso en xaneiro, o Concello de Ames acolleu a primeira edición da Gala do Trail Running Galego, organizado pola Federación Galega de Atletismo. Nun auditorio ategado de público alí estaban entre outros o alcalde anfitrión, Blas García, e o presidente da entidade deportiva, Ivan Santmartín, organismo que entregaba os premios. Entre os deportistas galardoados e galardoadas nas diferentes catego-

rías e, na sección especial, de novo o Trail das Bestas de Muras recolleu en mans do alcalde, Manuel Requeijo, o Premio á Mellor Xestión Medioambiental e o Certificado por Cumprir cos Estándares de Calidade. O pasado 13 de decembro de 2024 o Trail recollía premio na categoría Xestión Sostible nos XV Premios Galicia á Xestión Deportiva nunha gala celebrada por Agaxede (Asociación Galega de Xestión Deportiva) o 13 de decembro no Pazo da Cultura de Carballo (A Coruña).



O Insuas do Miño FS estrea equipación con motivo do centenario

O Insuas do Miño Rábade FS presentou unha nova equipación especial para conmemorar o centenario do Concello de Rábade (1925-2025). Este deseño único rende homenaxe á vila e á súa xente, incorporando elementos emblemáticos da localidade. A camisola destaca na parte dianteira polas dúas pontes máis representativas de Rábade, acompañadas dun escudo no peito coa silueta do curso do río Miño arre-

dor das insuas. Na parte traseira, baixo o pescozo, figura a bandeira oficial do concello, cun deseño que combina as cores azul e amarela. A equipación xa está dispoñible nos partidos que o equipo dispute como local, cun prezo especial de 35 euros para socios e 40 euros para non socios. Segundo informa o club, a venda estará activa ata esgotar existencias, polo que animan a afección a non quedar sen a súa.



O Club Loitas Olímpicas de Vilalba fíxose con seis ouros en Santiago

O pavillón Santa Isabel de Santiago de Compostela acolleu os campionatos galegos das categorías U15 e U20 de Loitas Olímpicas e nas que representaron ao club vilalbés 4 loitadoras e 4 loitadores. Na categoría U15 destacou o pleno de ouros acadado polas deportistas vilalbeses. Sara Martínez, Alejandra Valle, Noela González Carreira e Jimena García subiron ao máis alto do podio dominando as súas categorías. Nesta mesma, Enrique Seoane tamén obtivo o ouro, mentres que Héctor Somoza fíxose coa prata despois dunha axustada final e Aldán Balbona acadou o cuarto posto no

seu primeiro Campionato Galego. Nesta categoría o club obtivo a segunda praza por equipos por detrás do Keltoi de Vila de Cruces. Na categoría U20 Kevin Cuba dominou en 97 kg facéndose co ouro mentres que Xiao Seoane obtivo o cuarto posto en menos de 74 kg. Varias destas deportistas quedan así clasificadas para os campionatos de España U15, que terá lugar a finais de marzo en Cartajena. A próxima actividade será o Campionato Galego U13 e U17 en Pontevedra e no que repetirán varias destas deportistas xunto a outras e outros compañeiros do club.

“Teño na miña memoria logros e momentos inesquecibles”

Carmen Tojo é a presidenta do FSF Castro, club que cumpre dez anos

O FSF Castro está de aniversario e quere celebralo cunha gran cea que terá lugar o sábado 8 de febreiro, ás 21:30 horas, nunha carpa instalada ao lado do pavillón municipal de Castro. Con esta celebración, o club conmemora 10 anos de traballo e ilusión, nunha noite que promete estar cargada de bo ambiente, risas e música a cargo dun DJ en directo para animar a festa.

A cita inclúe unha cea conxunta para todos os asistentes, cun menú completo no que non faltarán os mellores sabores. Habrá entrantes como xamón cocido á feira, croquetas, luras e polbo, seguido dun prato principal de churrasco mixto con criollos e patacas fritas, rematando cunha Tarta San Marcos de sobremesa. As bebidas tamén estarán incluídas, cunha selección de auga, viño, refrescos, café e licores para completar a velada.

Sobre este aniversario fala Carmen Tojo, presidenta do FSF Castro.

Poden avanzar como vai ser este aniversario?

Será algo sinxelo, ao final o máis importante é estar todos xuntos e desfrutar da noite. Comezaremos abrindo o pavillón ás 9 da mañá pois teremos partidos na casa todo o día, e acabaremos a noite cunha cena-baile ademais dunha exposición de fotos dos últimos 10 anos.

Por último, habrá un partido amigable entre a xente que se anime de casados e casadas contra solteiros e solteiras.

Como xurdiu a idea deste club?

Unha amiga invitoume a ir adestrar a un club, entón, eu e a miña filla, que nese momento tiña 7 anos, animámonos a ir. Pasei media tempada na cal coñecín o fútbol sala e a xente que xogaba do meu concello. Así que, un día de verán propúxenlles facer un equipo en Castro e aquí estamos agora.

Cantos deportistas e de que categorías tedes actualmente?

Sobre uns 200 deportistas repartidos en diferentes categorías que abarcan dende biberón ata sénior, na maioría de categorías temos

tanto equipos femininos como masculinos e nas inferiores mixtos. Ademais de 13 adestradores.

Como se presenta a tempada?

A tempada está indo ben, cumprindo obxectivos pouco a pouco pero aínda queda moito traballo por diante.

Cales son os proxectos máis inmediatos de futuro?

O proxecto máis importante é ir crecendo pouco a pouco, con tempo e a experiencia iremos chegando o máis lonxe posible pero sempre cos pés na terra.

E necesidades?

Sempre hai necesidades, os espazos para adestrar e xogar é o que hoxe en día máis precisamos.

Contan con axuda para manter o club activo?

A día de hoxe si contamos con patrocinadores locais e da provincia, colaboradores, tamén con administracións públicas e, por suposto, cos nosos socios, mais o futuro sempre é incerto.

Que nos pode dicir da afección?

A afección é increíble, é impresionante ver o pavillón de Castro cheo cada fin de semana e como o dan todo para animar ao equipo independentemente do resultado, creo que é algo que nos define como club, a nosa afección, estou eternamente agradecida con ela.



Ademais da competición programan outra serie de actividades?

Sempre se programan actividades para a base, este ano xa desfrutaron dunhas xornadas de convivencia en Portugal con club Nunes Alvarez, o que xa coñeciamos con anterioridade dun torneo na mesma localidade. Tamén levamos a cabo torneos en Castro. Agora estamos programando unha visita ao Club Rodiles para a asistencia a un Torneo en Memoria da súa porteira, Jhenni. A nivel club, realizamos visitas a colexios para fomentar e dar visibilidade ao fútbol sala feminino

e planificamos charlas de nutrición para todos os nosos integrantes. En ocasións tamén levamos a cabo recollidas de alimentos para os máis necesitados coa axuda, tanto dos e das xogadoras como da afección.

De que logros se senten máis orgullosos?

Do que nos sentimos máis orgullosos é de ver como crece este club día a día. Se tivera que quedar cun logro sería ter levado a 3 equipos da base a un Campionato de España, aínda que como presidenta deste club, teño na miña memoria momentos e logros inesquecibles.

Nace no circuíto pontés a primeira Copa de VF

A VF Challenge Moto Race, o Concello das Pontes e o circuíto de karting local uniron forzas para poñer en marcha a nova Copa Concello das Pontes de VF, que nace este ano 2025. Que o Circuíto de karting das Pontes é un referente no mundo da velocidade galega é algo indiscutible. Mostra diso é a alta participación que sempre rexistran as carreiras organizadas por VF no trazado pontés.

“O obxectivo principal desta Copa é incentivar a participación dos pilotos nos eventos organizados por VF nas Pontes. Isto non só reforzará o impacto mediático da competición, senón que tamén contribuirá de maneira significativa á economía local, aumentando o movemento na hostalaría, os aloxamentos e os comercios. Ademais, a Copa permitirá a participación de pilotos de toda España, ampliando o impacto e visibilidade a nivel estatal”, explican os organizadores.

A Copa Concello das Pontes contará cun sistema de puntuación baseado en tres eventos. Os primeiros serán dúas carreiras que se celebrarán no circuíto en 2025, o 15 e 16 de marzo e o 6 e 7 de setembro. Un terceiro evento terá lugar o 19 de abril, consistente nunhas xornadas de adestramentos. Neste día, o piloto que consiga a volta rápida en cada categoría recibirá 5 puntos adicionais na clasificación da Copa. As categorías convocadas son: minimotos, MiniGP 110, minimotard infantil 65, GP Sport Criterium, Pitmotard 160, Pitmotard 190 e Supermoto. Os regulamentos técnicos e deportivos seguirán as directrices da VF Challenge MR. Ademais, os tres primeiros clasificados recibirán trofeos na gala de final de tempada. O gañador absoluto da Copa obterá un desconto do 50% na renovación do seguro de accidentes de 2026, tramitado por VF.

Felipe Orts logra nas Pontes o séptimo campionato de España de ciclocrós

O Campionato de España de Ciclocrós pechouse en grande nas Pontes, cunha nova exhibición de Felipe Orts, que sumou o seu sétimo título nacional, e a consagración de Sofía Rodríguez, que conseguiu o seu primeiro campionato na categoría elite. En sub-23, Miguel Rodríguez e Marta Beti foron os grandes triunfadores, mentres que Benjamín Noval cumpriu as expectativas na categoría júnior.

Na proba masculina elite, Orts impuxo un ritmo imparable desde o primeiro terzo do circuíto, aproveitando as zonas máis embarradas para distanciarse dos seus rivais. A loita pola prata protagonizárona Mario Junquera e Jofre Culler, sendo este último quen conseguiu finalmente a segunda posición. Orts cruzou a liña de meta celebrando efusivamente o seu sétimo título, converténdose no ciclista con máis campionatos nacionais da historia do ciclocrós en España.



Na categoría feminina, Sofía Rodríguez rompeu a hexemonía de Lucía González, quen sufría unha avaria no ecuador da proba. Rodríguez tomou a dianteira nunha zona técnica e consolidou a súa vantaxe para coroarse campioa de España, acompañada no podio por González, que se levou a prata, e Sara Cueto, que obtivo o bronce.

En sub-23, Miguel Rodríguez dominou con autoridade, mentres que Marta Beti liderou de principio a fin na súa categoría, acompañada no podio por Marta Cano e Claudia San Justo. Na carreira júnior, Benjamín Noval confirmou o seu favoritismo cunha exhibición sólida que lle outorgou a vitoria, seguido por Raúl López e Raúl Puelles.

DE RUTA EN RUTA

Guitiriz: Ruta do Río Requeixo

O sendeiro zigzaguea entre formacións rochosas e escaleiras de madeira e cordas que facilitan o acceso ás zonas máis complicadas

No corazón da comarca de Terra Chá, en Guitiriz, atópase a fermosa ruta do río Requeixo, coñecida como PR-G-262. Este sendeiro lineal de dificultade baixa percorre 10 quilómetros de ida, regalándonos un paseo inesquecible por un entorno natural onde a man do home soubo preservar a flora e a fauna autóctona. É un lugar onde a harmonía entre a natureza e a intervención humana resulta evidente. Durante o percorrido, o son da auga chocando contra as pedras mestúrase co canto das aves, creando unha sinfonía natural que acompaña ao sendeirista. O río Requeixo alterna entre zonas de rápidos, pequenas fervezas e tramos máis tranquilos, discorrendo por momentos encanados. Nalgúns puntos, o camiño desvíase para evitar áreas rochosas esvadradas, onde se instalaron postes con cordas que axudan a atravesar a zona e conducen ata unha preciosa ferveza con pontella. A ruta é especialmente fermosa en primavera, cando os camiños están máis transitables. No inverno, as choivas poden provocar o



desbordamento do río, dificultando algúns tramos que poden estar anegados. Por iso, para unha experiencia máis cómoda, é recomendable evitar as épocas de maior precipitacións.

A ruta comeza no lugar de Ponte da Roca, a 6 quilómetros de Guitiriz pola estrada N-VI. Xusto á altura da Casa dos Peóns Camiñeiros hai que xirar á esquerda e avanzar uns metros ata o inicio do camiño, sinalizado con paneis informativos. Aínda que non hai aparcamento habilitado, moitos visitantes deixan o coche preto do comezo da ruta.

Os primeiros metros do sendeiro atravesan unha braña antes de chegar ás beiras do río Requeixo, tamén coñecido como río Roca. A partir dese punto, só hai que seguir as marcas brancas e amarelas que sinalan o sendeiro, cruzando numerosas pontes tradicionais de pedra ata chegar á ponte Porto de

Bois, onde remata o percorrido. Entre os atractivos máis destacados atópanse os muiños, os bosques de ribeira e, por suposto, a fermosa ferveza de Merra. Este lugar é un dos puntos fortes da ruta e, aínda que non se realice todo o percorrido, pode visitarse facilmente, xa que se atopa a só 150 metros da estrada, perfectamente accesible coa axuda dun GPS.

A ruta do río Requeixo destaca pola súa variedade. Nalgúns tramos, o sendeiro zigzaguea entre formacións rochosas, mentres que noutros se atopan escaleiras de madeira e cordas que facilitan o acceso ás zonas máis complicadas. As brañas pechadas con palés, deseñadas para evitar que o gando escape, tamén forman parte da experiencia, lembrando aos sendeiristas a importancia de pechar estas cancelas despois de pasar.



Ao rematar na Ponte Porto de Bois, toca emprender a volta polo mesmo sendeiro, completando un total de 20 quilómetros. Aínda que o percorrido é longo, a ausencia de desniveis fai que sexa moi levadeiro. O encanto da ruta

reside na súa beleza natural e na sensación de inmersión nun lugar máxico, cheo de historia e tradición. Se buscas unha experiencia única en plena natureza galega, a ruta do río Requeixo é unha aposta segura.



DATOS



2h 20'



9,1 quilómetros



Dificultade media

GRUPO FORMAT

formación integral de empresas

PREPARATE HOY ! TRABAJA SEGURO, PRÓTEGETE, CERTIFICATE

ACADEMIA grupo FORMA-T
Rúa do Acívro 59 Vilalba - Lugo
982513605 info@grupoforma-t.es

CENTRO DE ENTRENAMIENTO DE MOTOSERRISTAS CENTRO DE CAPACITACIÓN A MOTOSERRISTAS

CURSOS DE USO SEGURO DE MOTOSIERRA

Aprenda de forma PRÁCTICA Y PROFESIONAL el manejo correcto de la motosierra con instructores especializados

ence
ENERGÍA & CELULOSA

